



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

Curso 2014-2015

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSO 2014-2015

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido no artigo 12 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de setembro de 2014 e o 31 de xullo de 2015.

Artigo 12: *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente das súas actividades ao Claustro Universitario mediante un informe que incluíra as propostas de mellora que estime oportunas.

ÍNDICE

1.-	Funcionamento do Valedor.....	6
2.-	Actuacións.....	
	2.1.- Intervencións e Mediacións.....	8
	2.2.- Queixas.....	9
3.-	Conclusións.....	52
4.-	Referencias estatísticas.....	54

1.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

Tal como ven sendo o funcionamento característico da institución, iste enfócase dende unha dobre perspectiva:

- supervisar a actuación da Universidade co fin de corrixir as posibles irregularidades, demoras ou silencios e todos os indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na procura de solucións aos problemas expostos mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto aos Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as habituais indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.
- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar ditame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servizos obxecto da queixa.
- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir ditames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.
- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

No labor diario, conséntase que a consulta persoal, por correo electrónico ou telefónica, que non necesariamente dá lugar á presentación dunha queixa, é a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os e as estudantes, se dirixen ao Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recadar información sobre dereitos e sobre o procedemento a seguir para reclamar o respecto dos mesmos.



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Curso 2014-2015

2.- ACTUACIÓNS

Nalgúns casos os membros da comunidade universitaria dirixen escritos ao Valedor da Comunidade Universitaria solicitando a mediación ou o seguimento, ben de solicitudes que teñen presentadas aos órganos de goberno, ou ben de resolucións dos mencionados órganos polas que se ven afectados. Aínda que non se trata de queixas e polo tanto non se inclúen como tales, si é importante indicar esquematicamente os temas cos que se relacionan.

2.1.- INTERVENCIONES E MEDIACIONES

M-2015/01

Foi presentado un escrito por unha alumna referido ao que considera unha demora na formalización dun convenio para realizar prácticas externas e que foi admitido a trámite como unha Mediación.

No informe que lle foi solicitado ao respecto, a Sra. decana da Facultade informa o seguinte:

“Que a solicitude da interesada foi plantexada de modo definitivo (tras varios contactos preliminares) nos primeiros días de agosto. Por ese motivo, ante a imposibilidade de resolvela nese mes non hábil, se lle indicou que se lle daría resposta na primeira semana de setembro. Así se fixo, e xa o día 1 de setembro se lle comunicou por correo e que se atendería de modo positivo (tratando de asinar un convenio para que poida realizar as prácticas en La Rioja). Xa que logo, entendo que a solicitude de mediación realizada de modo preventivo o 25 de agosto non resulta xa necesaria.

En todo caso, para que quede constancia na sé do Valedor, achegareille no prazo máis breve posible un informe completo co detalle do proceso, por se considerase pertinente achegarnos algunha recomendación para a mellora na resolución deste tipo de casos extraordinarios.”

Así pois, dáse por rematada a nosa actuación mediadora ao entender solucionado o problema que motivaba o escrito.

2.2.- QUEIXAS

Q 1409/01

Foron presentadas por estudantes desta Universidade un total de sete escritos de queixa referidos ao desenvolvemento da convocatoria de bolsas de apoio ás aulas de informática da USC no presente curso académico.

Admitidos a trámite, solicitouse o informe explicativo do Sr. vicerreitor de Coordinación e Comunicación no que se indicaba:

No escrito presentado ante o Valedor da Comunidade universitaria exprésase unha queixa porque "a estas alturas do novo curso non recibimos ningunha noticia sobre as nosas renovacións como bolseiros". En efecto, este ano non se emitiu ningunha nova convocatoria nin se iniciou o proceso de renovación previsto no apartado 4 da última "Convocatoria xeral de creación de listas para a cobertura de bolsas de apoio para as aulas de informática dos centros para o curso académico 2012-2013". Sen embargo, non existe ningunha normativa legal que obrigue a facer unha convocatoria anual e os procesos de renovación dependen de varias variables, como a dotación económica das mesmas.

No escrito de queixa tamén se solicita información sobre a continuidade das bolsas. Na actualidade, e debido á situación económica da USC, non se pode garantir a dotación orzamentaria suficiente para que estas bolsas se poidan seguir realizando. Por esta razón, vémonos na obriga de non facer novas convocatorias, polo de agora.

Sen embargo, e debido á gravidade da situación para os aspirantes á renovación e aos desaxustes que se poden producir nos centros, a xerencia habilitou a semana pasada unha partida orzamentaria especial que permita a renovación dos bolseiros existentes, e que cumpran os requisitos da normativa, ata o mes de decembro de 2014. Esta actuación será debidamente informada aos bolseiros a través da Área TIC e dos centros.

No escrito de queixa tamén se di que "ninguén tivo a molestia de informarnos e temos que andar nós mesmos a chamar a Área TIC". É certo que non se fixo unha información xeral desta situación xa que, de facelo, estaríamos informando da non publicación dunha convocatoria, unha práctica absolutamente inusual. Consideramos que a obriga é a de comunicar a publicación de convocatorias polo que entendemos que non habería lugar, para facer un aviso dunha convocatoria que non se realiza.

Á vista do informe remitido por esa Vicerreitoría relativo ás queixas presentadas sobre a convocatoria de bolsas de apoio ás aulas de informática da USC, é preciso facer as seguintes consideracións:

Non se trata dunha nova convocatoria de bolsas, senón da renovación das existentes dado que a que estaría vixente é a convocatoria feita para o curso 2012-13 que no seu punto 4, no 2º parágrafo establece o carácter automático da renovación e así mesmo o período e condicións:

4. ADICACIÓN E CONTÍA

.../ A duración da bolsa será ata o 31 de maio do ano académico en curso e prorrogable por cursos académicos, ata un máximo de catro. As renovacións faranse de forma automática no caso dunha proposta favorable de renovación do decanato ou da dirección do centro, e sempre que o bolseiro/a manteña a condición de estudante da USC.

Como se pode observar, contrariamente ao que é habitual, entre estas condicións non aparecen recollida a supeditación ás disponibilidades orzamentarias.

No entanto pode ser razoable pensar que en circunstancias de excepcionalidade, como a situación económica actual, a USC se vexa na obriga de considerala para tomar as medidas oportunas (suspensión da renovación, renovación parcial, ou mesmo modificación da filosofía e finalidade desta convocatoria).

Pero tan razoable como o anterior é considerar a situación dos bolseiros/as e a súa necesidade de planificación a medio prazo, porque as consecuencias poden ser importantes, máis aínda nun contexto socio-económico tamén desfavorable.

Por todo anterior recoméndase que, se considera que se dan circunstancias excepcionais que impliquen a introdución de cambios na Cobertura de Bolsas de Apoio para as Aulas de Informática se comuniquen aos bolseiros/as coa suficiente antelación, os cambios previstos e as súas consecuencias, para que o alumnado poida facer as previsións oportunas.

Q 1409/02

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna en relación coa demora no pagamento das bolsas correspondentes ao *Programa Leonardo da Vinci (Europracticum VII)*, indicando que non se están a cumprir os prazos correspondentes aos pagamentos de ditas bolsas, non percibindo o 50% da contía correspondente antes do inicio da práctica segundo especifican as bases da convocatoria.

Trasládase a queixa á Xerencia da USC e dende esta Institución efectúanse actuacións para que o pagamento se produza de xeito inmediato, e tense coñecemento que se realizaron xestións na procura dunha mellora da coordinación dos distintos servizos implicados no proceso para evitar situacións como a que motivaba as queixas.

Q 1409/03

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna referida á obrigatoriedade de asistencia a clase no grao e á aplicación do artigo 15 da convocatoria de matrícula para o curso 2014/15 que establece que só se poderá concorrer á convocatoria fin de grao cando a materia pendente sexa do segundo cuatrimestre ou anual, excluindo ás do primeiro cuatrimestre. No escrito a alumna expoñía a opción de solicitar unha convocatoria fin de carreira argumentando o seguinte:

Si te falta una asignatura de grado del segundo cuatrimestre puedes solicitar el fin de carrera y prescindir de ir a clase y presentarte sobre 10 al examen, si por el contrario la asignatura que te falta para acabar la carrera es del primer cuatrimestre no puedes solicitar el fin de carrera y estás obligado a la evaluación continua.

Esta situación que se manifesta na presente queixa, de estudantes de licenciatura que están a cursar materias no grao nas que teñen imposibilidade de asistencia a clase fundamentalmente por motivos laborais está a ser recorrente en consultas que se formulan ante o Valedor, pois a falla de asistencia implica unha penalización nos criterios de avaliación ou mesmo a imposibilidade de superación da materia.

Por iso solicítase á Secretaría Xeral que informe da posibilidade de efectuar algún tipo de actuación ao respecto, para que a alumnos en planos a extinguir que non poden asistir á clase se lles exima da obriga de asistencia nas materias que están a cursar no grao.

O informe que remitiu a Secretaría Xeral ao respecto expón:

“.../indicarlle que as posibles actuacións serían:

- a) Solicitar a aplicación do artigo 130. 3 dos Estatutos:

3. Con carácter singular para casos específicos, a xunta de centro poderá conceder a dispensa de asistencia á clase. Nestes casos, se fose necesario, poderá considerarse un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral.

b) Solicitar a aplicación do Artigo 3.3 da Normativa de de Avaliación que establece a posibilidade de que na programación docente se contemplen criterios específicos para os repetidores, podendo considerar como tales ao alumnado que xa fixo esta materia equivalente na licenciatura:

3. En cada curso académico, as programacións docentes/guías docentes de cada materia deberán determinar os aspectos que se deberán avaliar, os instrumentos ou procedementos de avaliación (traballos conxuntos, individuais, exames parciais, finais, etc.) e os criterios de avaliación, precisando, de ser posible, a súa correspondente ponderación na cualificación final. Tamén deberán constar expresamente os criterios previstos para a oportunidade ordinaria do cuadrimestre, e aqueles que se refiren a oportunidade extraordinaria de recuperación, así como para os alumnos repetidores, no caso de que existan diferenzas entres elas. Poderán rectificarse ou corríxirse erros nos criterios de avaliación, coa oportuna publicidade (web, taboleiro de anuncios e folla informativa, etc.) ao inicio das actividades docentes. As programacións/guías docentes, en todo caso, deberán respectar os criterios aprobados na memoria de grao ou do máster.

Comunicaselle á alumna que dende esta Institución se considera que a opción máis axeitada para a súa situación é a que se recolle no apartado a) do anterior informe.

Q 1409/04

Foi presentado un escrito de queixa por un estudante en relación coa imposibilidade de efectuar unha rectificación na súa matrícula dentro do prazo ordinario de matrícula:

“Que en fecha viernes 29 de agosto de 2014 he formalizado mi matrícula en quinto curso del grado en medicina, pero que por error no he señalado mi condición de becado. Que en fecha lunes 1 de septiembre y también martes 2 de septiembre he contactado telefónicamente con distintos organismos de la USC para modificar mi matrícula en este sentido, es decir, simplemente cambiar mi condición y marcar la casilla de becado. En "asuntos económicos" amablemente me contestan que aunque todavía no se ha cerrado el plazo de matrícula (la fecha de cierre es el 4 de septiembre), ya no puedo modificar mi matrícula porque el cobro del primer plazo de matrícula que asciende a 553,14 euros ya ha sido remitido a mi banco

O informe remitido pola Secretaría Xeral indicaba:

1.- No presente caso non se trata dunha queixa por defecto de funcionamento da USC, senón dun erro imputable exclusivamente ao alumno.

2.- A partir da información cuberta polo alumno no momento de formalizar a matrícula, enviouse ao cobro o importe da matrícula ao banco o día 01/09/2014.

3.- Con data do 2 de setembro de 2014, o interesado mandou un correo a Secretaría Xeral poñendo de manifesto o seu erro na formalización da matrícula e solicitando que se modifique a súa condición e se inclúa como bolseiro.

4.- No momento de recibirse o escrito o cargo xa fora enviado ao cobro. Ata que se reciba confirmación definitiva do banco, non se pode facer ningunha modificación no sistema de pagamento de matrícula.

5.- Segundo as instrucións dos servizos económicos da USC, nos casos en que se cobrase a matrícula, no momento de concesión da bolsa se lles fai inmediatamente a devolución do importe abonado, agás as tarifas de Secretaría.

6.- Segundo a información do seu expediente, o alumno, en cursos precedentes, non foi solicitante de Bolsa.

7.- Tampouco consta no Servizo de Bolsas que o alumno de referencia teña solicitado Bolsa nesta data e para este curso académico 2014-15.

Foron presentados escritos de queixa por alumnos que cursan estudos de doutoramento en relación co incremento de prezos públicos de matrícula que se ten aplicado ao alumnado estranxeiro maior de dezaioito anos, que non teña a condición de residente. Nos escritos expoñen:

Admitida a queixa a trámite solicitouse informe á Secretaría Xeral da USC, no que se indica:

O artigo 81.3 b) da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades establece que os prezos públicos por servizos académicos e demais dereitos que legalmente se establezan para aqueles estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional os fixará a Comunidade Autónoma, dentro dos límites que estableza a Conferencia Xeral de Política Universitaria, que estarán relacionados cos custes de prestación do servizo, nos seguintes termos:

1.º Ensinanzas de Grao: os prezos públicos cubrirán entre o 15% e o 25% dos custes en primeira matrícula; entre o 30 e o 40 % dos custes en segunda matrícula; entre o 65 e o 75 % dos custes na terceira matrícula; e entre o 90 e o 100 % dos custes a partir da cuarta matrícula.

2.º Ensinanzas de Máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España: os prezos públicos cubrirán entre o 15 e o 25 % dos custes en primeira matrícula; entre o 30 e o 40 % dos custes en segunda matrícula; entre o 65 e o 75 % dos custes na terceira matrícula; e entre o 90 por 100 e o 100 por 100 dos custes a partir da cuarta matrícula.

3.º Ensinanzas de Máster non comprendidas no número anterior: os prezos públicos cubrirán entre o 40 e o 50 % dos custes en primeira matrícula; e entre o 65 e o 75 % dos custes a partir da segunda matrícula.

Os prezos públicos poderán cubrir ata o 100 % dos custes das ensinanzas universitarias de Grao e Máster cando se trate de estudantes estranxeiros maiores de dezaioito anos que non teñan a condición de residentes, excluídos os nacionais de Estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario, sen prexuízo do principio de reciprocidade.

Como se pode observar no artigo antes exposto non se fai referencia, ao establecer as horquillas que deben respectar a fixación dos prezos públicos, aos prezos públicos relativos aos estudos de doutoramento; pero no primeiro parágrafo do artigo faise referencia expresa aos estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, entre os cales se atopan os estudos de doutoramento. Non habéndose introducido unha horquilla específica para os prezos públicos polos estudos de doutoramento o que quere realmente o lexislador é que sexa a Comunidade Autónoma quen fixe os citados prezos sen máis limitación que a que estimen elas mesmas conveniente exercendo a súa plena competencia. Tamén parece lóxico, e de feito non fixa ningunha prohibición expresa ao respecto, que o parágrafo aplicable aos estudantes estranxeiros se poda extrapolar aos estudos de doutoramento sempre por decisión da Comunidade Autónoma, exercendo a plena potestade atribuída pola LOU no primeiro parágrafo do artigo antes citado.

En consecuencia, o que pretende o lexislador é establecer un réxime diferenciado para os alumnos estranxeiros e o resto do alumnado xa que non é lóxico que o alumnado alleo ao EES teña un prezo subvencionado (que actualmente só cubre o 10% do custe) e que tamén sexa aplicable ao estudos de doutoramento, pero neste último caso, baixo a total potestade da Comunidade Autónoma, non fixéndolle límite algún nin sequera para os alumnos que non sexan estranxeiros, que sí están suxeitos a uns límites nos graos e nos másteres.

Durante a tramitación do anteproxecto do decreto que fixa os prezos por estudos oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia, esta universidade, entendendo que o desenvolvemento normativo que se propoñía contía unha lagoa legal con respecto aos estudos de doutoramento, derivada dunha transposición literal do establecido para os estudantes estranxeiros no artigo 81.3 b) da LOU, solicitou que se modificase o texto para que incluíse ao doutoramento dentro do epígrafe antes expresado, solicitou que non obtivo resposta por parte da Xunta de Galicia. Sen embargo o Decreto o que fixo foi determinar que sexan as universidades as que fixen os prezos para este colectivo de maneira razoada.

En desenvolvemento do imperativo legal fixado polo artigo 81.3 b) da LO 6/2001 de universidades, a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou o Decreto 77/2014, de 20 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos que conducen á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional na ensinanza universitaria para o curso 2014/15. No seu artigo 2 punto 5 establécese que “Para o alumnado estranxeiro maior de dezaoto anos que non teña a condición de residente, excluídos/as os/as nacionais de Estados membros da Unión Europea e aqueles/as a quen sexa de aplicación o réxime comunitario, tanto en grao como en máster, cada universidade establecerá, por resolución reitoral, un prezo que oscilará entre o 25% e o 100% do custo de referencia para cada unha das epígrafes da tarifa primeira do anexo deste decreto. A dita resolución deberá motivar a decisión adoptada con base en aspectos formativos específicos e servizos complementarios ofertados a este alumnado”.

Dada a delicada situación económica e orzamentaria que atravesa a universidade, que a competencia para determinar os prezos públicos se lle atribuíu ás propias universidades do SUG e que non existe ningunha razón lóxica para excluír os estudos de doutoramento do réxime específico de prezos aplicable aos alumnos estranxeiros establecido no Decreto 77/2014, de 20 de xuño, para os estudos de grao e de máster, esta universidade estimou conveniente aumentar o prezo público correspondente á titoría anual de doutoramento, ata os 400 euros. Quérese deixar constancia, que o prezo aplicado para os estudos de doutoramento está lonxe de cubrir o prezo equivalente ao 100% do custe real que supoñen os programas de doutoramento, e que a cantidade aplicada é máis que razoable e xustificada, sobre todo se se realiza unha comparativa cos prezos públicos aplicados para a impartición dos programas de doutoramento no resto de universidades públicas españolas, incluso estando subvencionado.

Por último, tamén queremos deixar constancia, que a Resolución reitoral do 5 de agosto de 2014 pola que se derogou a resolución reitoral do 17 de xullo de 2014 e se estableceron os prezos públicos correspondentes aos estudo de grao, máster e doutoramento cursados polo alumnado estranxeiro maior de dezaoto anos, que no teñan a condición de residente, excluídos os nacionais de estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario, non foi impugnada ata o día de hoxe por ningún membro da comunidade universitaria, sendo un acto firme e consentido.

Expostas as razóns máis arriba indicadas, cómpre informar que ao establecerse a distinción no sistema de prezos públicos a pagar entre un réxime xeral e outro específico para aqueles alumnos estranxeiros maiores de dezaoto anos que non teñan a condición de residentes, excluídos os nacionais de Estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario, o lexislador quere establecer un réxime máis laxo para estes últimos por entender que non se poden subvencionar na súa totalidade con cargo a orzamentos das Administracións Públicas. No caso da CAG o propio Decreto de prezos permite ás universidades fixar un prezo que permita ás mesmas cubrir en parte ou na súa totalidade os custes derivados de estes estudos, co obxectivo de ser capaces de financiar o seus programas de estudo e avanzar cara un orzamento máis equilibrado, dentro dun contexto marcado polas necesidades económicas no que, de momento, están inmersas a maioría das universidades públicas españolas. Por outra banda non sería equitativo que os prezos de máster para alumnos alleos ao EEES abonen o 100% do custe de referencia e os de doutoramento abonen o prezo subvencionado (200 euros) que está moi lonxe do prezo de custe destes estudos.

En función do referido en dito escrito suxírese que se reitere ante a Xunta de Galicia a petición de modificación do Decreto que fixa os prezos para estudos oficiais no sentido da inclusión dos estudos de doutoramento.

Independentemente que son razóns de peso as manifestadas no escrito para a establecer a contía que fixa a Universidade para estes estudos, entendo que debería facerse, cando menos de xeito temporal, unha diferenza entre os prezos para unha persoa que inicia os estudos de doutoramento e para as persoas que están nunha situación de continuidade destes estudos. Non parece moi razoable que se lle cambie a contía, cun incremento do 100% dos prezos á metade do proceso, considerando, que o habitual é que unha persoa cando decide iniciar os seus estudos o faga tras unha análise das súas posibilidades, entre as que destacan, como é obvio, as económicas, máis aínda cando se trata de alumnos estranxeiros que teñen que desprazarse a outro país para cursar estudos.

Por iso recoméndase que a suba dos prezos só se faga efectiva para aquelas persoas que inicien os estudos e non para as que os continúen.

Q 1409/06

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna en relación coa denegación da solicitude de recoñecemento de estudos de Técnico Superior de F.P. nun Grao.

Como indica ter presentado un recurso potestativo de reposición contra a resolución desestimatoria solicitábase da Secretaría Xeral que informe da resolución do mesmo, resultando novamente desestimatoria.

Con posterioridade a presentadora da queixa comunica ter acudido á vía xudicial.

Q 1409/07

Foi presentado un escrito por un profesor asociado manifestando a súa desconformidade co procedemento/criterios seguidos polo Departamento para a asignación de docencia nunha materia do Grao por entender que os aplicados non son conformes coa normativa que ao respecto ten a Universidade e o propio Departamento.

Solicitado informe á Vicerreitoría de Organización Académica e PDI, remite un exhaustivo documento explicativo do Departamento correspondente indicando:

.../ Que nos ratificamos en la manera de proceder en el proceso de asignación docente de todos los profesores prorrogados excepcionalmente incluyendo la docencia del profesor. Entendemos que su situación, al igual que la de otros 3 profesores no es la idónea desde el punto de vista personal, pero es la más razonable desde el punto de vista de la organización docente del Departamento.

Q 1409/08

Queixa presentada referida ao proceso de recoñecemento de competencias duns Graduados nun Máster.

O informe solicitado ao Coordinador do Máster indicaba:

1. A admisión no Máster realízase na UXA coas condicións e requisitos que se establecen nunha resolución reitoral (a do curso 14-15 é de 27 de xuño de 2014)
2. Esa resolución de admisión remite a outra RR de 12 de setembro de 2012 "pola que se recoñecen competencias aos titulados en dúas Licenciaturas"
3. A non inclusión nesta RR do Grao obxecto da queixa non impide que os seus titulados soliciten recoñecemento de créditos do Máster pola vía ordinaria. Estas solicitudes serán, no seu caso, analizadas pola Comisión Académica do Máster, que resolverá cos criterios habituais.
4. O plan de estudos da especialidade do Máster modificouse para adaptalo á Orden EDU/3498/2011, de 16 de decembro. Esta reforma entra en vigor no curso 2014-2015.
5. Sobre a afirmación da RR de 27/06/2014, á que alude a queixa, de que "as referencias aos estudos do Catálogo de Titulacións do Ministerio de Educación fanse extensivas aos graos equivalentes" só pode sinalar, por se axuda a interpretar o seu valor, que aparece como remate dun Anexo titulado "Correspondencia de titulacións de acceso coas especialidades (do Máster)".

Así pois, cabe resaltar o expresado no punto 3º do anterior informe no sentido de que os titulados do Grao poden solicitar recoñecemento de créditos no Máster pola vía ordinaria, solicitudes que serán analizadas pola Comisión Académica do Máster.

Q 1409/09

Queixa presentada por unha alumna na que expoñía fallos na plataforma virtual da USC que lle impediron formalizar en prazo a matrícula nun Máster.

O informe da Vicerreitoría de Coordinación e Comunicación da USC expón:

“En relación á queixa formulada infórmolle que na Área TIC non se ten constancia de ningún problema técnico xeneralizado ligado á plataforma de matrícula os días que menciona a reclamante. Tampouco se pode comprobar se a usuaria tivo algún problema coa matrícula porque non consta nos rexistros da aplicación. No Centro de Atención a Usuarios da USC non consta ningunha incidencia da usuaria relacionada co asunto da reclamación. A última incidencia rexistrada é do oito de xaneiro de 2014.

Do mesmo xeito, a contestación emitida desde a Oficina de Información Universitaria correspóndese coa información correcta do proceso habitual de matrícula.

No caso que nos ocupa, a solicitude foi finalmente aceptada polo servizo correspondente. En definitiva, a reclamante foi admitida no Máster.”

Q 1409/10

Foi presentado un escrito de queixa por estudantes dun Grao en relación ao procedemento seguido para a asignación de prazas en distintos centros para a realización dunha materia práctica .

O informe do decanato do centro recolle de xeito detallado o procedemento e a motivación do mesmo, do que se da traslado aos estudantes indicándolles que ademais se manterá unha entrevista co Sr. decano co fin de exporlle os aspectos máis conflictivos reflectidos na queixa.

Q 1409/11

Queixa presentada por unha alumna en relación coa non aplicación do desconto por matrícula de honra na liquidación de prezos públicos por servizos académicos na matrícula no Grao.

Tendo en conta que a Convocatoria de Matrícula do curso 2014/2015 indica ao respecto:

64 EXENCIÓN REDUCCIÓN E SUBVENCIÓN DE PAGO DE PREZOS

64.4 Matrícula de Honra

64.4.2 Exención parcial

Os alumnos universitarios con matrícula de honra nalgunha materia poderán aplicar o desconto por este concepto recollido no Decreto de Prezos unicamente para os mesmos estudos no ano académico seguinte.

E o *DECRETO 77/2014, do 20 de xuño*, de prezos públicos:

Artigo 10. Matrículas de honra

Nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) as bonificacións correspondentes a unha ou varias matrículas de honra aplicaranse a un número de créditos igual ao das materias en que se obtivo a matrícula de honra.

Solicitouse á Secretaría Xeral da USC un informe explicativo, remitindo o seguinte:

- 1.- A alumna formalizou matrícula nun total de 60 créditos nos que se inclúe a materia optativa.
- 2.- Esta materia non é necesaria para obter a titulación toda vez que ten superados os 18 créditos optativos esixidos.
- 3.- As materias que se cursan en exceso non son cubertas nin pola bolsa nin pola matrícula de honra, xa que esta última dedución, igual que a exención por bolseiro, só se aplica ás materias necesarias para obter a titulación, e así o aplica o sistema informático que xenera a liquidación.
- 5.- A alumna foi informada que tampouco poderá aplicar o desconto por matrícula de honra no vindeiro curso xa que a norma establece que so se pode aplicar para os mesmos estudos no ano seguinte.

Q 1409/12

Foi presentado un escrito de queixa por estudantes dun Máster en relación co desenvolvemento de actividades e calidade do mesmo.

Dáse traslado da queixa á Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa, que a remite ao coordinador do Máster, elaborando un extenso informe sobre os aspectos detallados na queixa.

Q 1409/13

Foi presentado un escrito por unha alumna en relación coa desestimación dunha solicitude de simultaneidade de estudos en dous Graos e a interpretación que se fai do recollido na normativa universitaria a tal efecto.

Tendo coñecemento de que se efectuaron xestións dende esa Secretaría Xeral e que a alumna ten presentado un recurso de reposición contra a resolución desestimatoria solicitouse información ao respecto.

A Secretaría Xeral da USC comunica que se resolveu o recurso de reposición interposto pola alumna estimando o mesmo e en consecuencia autorizando a simultaneidade de estudos do primeiro curso completo do Grao cos que estaba a cursar.

Q 1409/14

Presentada por unha alumna dunha Licenciatura en relación co proceso de selección e asignación de destino nunhas prácticas. A estudante expón que realizou exames na convocatoria de setembro e reúne os requisitos para solicitar as prácticas, máis non pode pois a elección das mesmas foi antes de que se pecharan as actas de dita convocatoria.

O informe da Sra. decana indica que:

A materia de prácticas se desenvolve en dúas quendas anuais:

1ª quenda: de Setembro a Febreiro e 2ª de Febreiro a Xullo

Os alumnos para poder facer as prácticas deben ter superados 285 créditos, dos cales 222 deben ter carácter troncal e obrigatorio.

Todos os estudantes deben cumprir estes requisitos na data de peche de actas de cada un dos semestres.

A alumna da queixa pode facer a preinscrición en tempo e forma, pero non cumpría os requisitos na data de peche de actas, que é cando se comprobaban os expedientes para poder facer as prácticas na 1ª das quendas.

Q 1409/15

Escrito de queixa presentado por un alumno referido á extinción de Licenciaturas e as oportunidades/convocatorias que lles quedan aos alumnos para render exame. O alumno expón a posibilidade de que para quen lle reste unha materia para rematar a Licenciatura, coas convocatorias extintas, sen posibilidade de validala no Grao para titularse na Licenciatura se lles conceda a posibilidade de ter unha oportunidade especial de exame na mesma.

Solicitado informe a Secretaría Xeral indica:

.../8. En consecuencia e coa normativa vixente o alumno deberá realizar a adaptación obrigatoria ao Grao xa que non existen mecanismos na Normativa para poder cursar determinadas materias polo grao ao non ter equivalencia no mesmo.

9. Por último convén salientar tres circunstancias que convén ter en conta no caso que nos ocupa. En primeiro lugar, que o alumno fixo uso da opción de matricularse en materias do grao para imputalas ás materias da licenciatura, conforme o regulado no artigo 13 da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, opción que critica na súa queixa. En segundo lugar, o alumno comezou a carreira no ano 2003 (curso 2003/2004), polo que tivo dez anos para poder licenciarse, co que se quere demostrar que o alumno tivo tempo suficiente para licenciarse antes de que a titulación comezara o proceso de extinción. E terceiro e máis destacable, ao alumno non lle queda só unha materia para rematar a licenciatura, se non que aínda ten pendente de aprobar dúas materias troncais, una de nove créditos e outra de dez (que pretende cursar en tres materias de grao), e dúas materias obrigatorias, de catro con cinco créditos cada unha, polo que a súa petición solicitando que se lle conceda unha oportunidade especial de exame a un alumno que terminara na súa totalidade a carreira salvo unha materia, non sería de momento aplicable no suposto que nos ocupa xa que o solicitante non reúne ditos requisitos; tendo, en todo caso, que esta petición debería ser realizada e resolta no momento en que concorra esta circunstancia (única materia pendente de superar sen poder cursala polo grao).

Polo tanto, cómpre informar, que o alumno non cumpre os requisitos necesarios para licenciarse e deberá, conforme o artigo 5 do Acordo sobre regulación dunha oportunidade de recuperación para os plans de estudio en proceso de extinción, realizar a adaptación ao grao para poder titularse. En todo caso, cómpre indicar tamén, que no suposto de que lle quede unha única materia para titularse e que non teña equivalencia no grao poderá estudarse para todos os alumnos da titulación que se atopan nesa situación un cambio normativo ou unha solución específica.

No presente caso haberá que esperar a que o alumno cumpra cos requisitos académicos para elo, en consecuencia, deberá ter superado os créditos das materias troncais e máis a materia obrigatoria da que se matriculou o presente curso.

Q 1409/16

Queixa presentada por oito estudantes estranxeiros en relación con problemas xurdidos para poder efectuar o fraccionamento do pago dos prezos públicos de matrícula a través dunha domiciliación bancaria nunha conta no estranxeiro.

No informe solicitado a Secretaría Xeral da USC explica o seguinte:

1.- O alumnado formalizou matrícula na USC e indicou que o pagamento sería por domiciliación bancaria.

2.- Dende agosto de 2014 está vixente o denominado SEPA (zona única de pagos en euros) que cambia algúns dos requisitos establecidos para a domiciliación e esixe a USC a recoller unha aceptación para a domiciliación ou que na conta onde se domicilie figure o alumno.

Tamén se modificaron algún protocolos técnicos interbancarios ou os prazos para a devolución ou cobro.

3.- A USC remitiu todas as súas domiciliacións a través dunha única entidade bancaria que é a que fixo o envío ao resto das entidades bancarias.

4.- Algunhas das domiciliacións foron devoltas por distintos motivos, entre elas, por defectos no código da domiciliación no ficheiro informático.

5.- Un determinado grupo de alumnos e alumnas se personaron na UXA en actitude pouco correcta esixindo unha explicación e unha solución pola devolución do seu banco do recibo domiciliado. Dado que se descoñecían os motivos que motivaran a devolución se indicou que dado que a USC non cobrara, deberían facer o ingreso en efectivo.

6.- Despois das averiguacións coa entidade que enviara as domiciliacións e unha vez concretado o problema de todos e cada un das domiciliacións fallidas, acordouse un protocolo de actuación para todos os casos.

Fundamentalmente se acordou que se o problema da devolución era imputable a defectos nos datos do alumno se lle requiría ao alumno para que os subsanase (por exemplo unha conta na que non era titular o alumno) e se era imputable a USC se farían as xestións internas para a súa subsanación.

7.- No caso concreto de que o defecto sexa imputable a USC, unha vez identificado cada alumno procederase dende as UUXA a gravar de novo a matrícula e xerar un novo “abonaré” que se volverá a enviar de novo as entidades financeiras.

Neste intre a ATIC está a traballar para facer a listaxe de alumnos dos recibos domiciliados devoltos, listaxe que será remitido ás UUXA para que modifiquen as matrículas e se xere unha nova domiciliación nos termos indicados polos alumnos no caso de que o defecto non fora imputable ao alumnado.

Con posterioridade corroborouse que o problema obxecto da queixa resolveuse satisfactoriamente para os alumnos.

Q 1409/17

Queixa presentada por unha alumna de Grao referida á denegación dunha solicitude de cambio de grupo.

O informe explicativo da Sra. decana da Facultade indicaba:

A alumna solicita o cambio de grupo de 2º curso por solapamento de horario coas materias de 4º, das que tamén está matriculada, xustificando que "todas as materias son de obrigada asistencia, ademais do dereito que me asiste de poder asistir a ditas clases, sempre que sexa posible."

O que non indica a alumna na súa reclamación é que tamén está matriculada de materias de 3º curso, tanto do 1º como do 2º semestre, circunstancia comprobada pola Comisión encargada de resolver os Cambios de Grupo, accedendo ao expediente da alumna na aplicación do XESCAMPUS.

De concederlle o cambio solicitado, tería coincidencia de horario da materia de 2º curso coa de ... no primeiro semestre, e de ... coa de 3º curso.

Como consecuencia a Comisión Permanente da Xunta de Facultade, que é a encargada de resolver os Cambios de Grupo, acordou desestimar a petición da alumna.

Foi presentado un escrito de queixa por unha docente de ensino secundario en relación coa “Normativa sobre simultaneidade de estudos entre titulacións adaptadas ao EEES” no que expón:

“A USC aplica unha “normativa de simultaneidade”, segundo a cal un estudante de grao só pode compatibilizar estudos entre universidades ata un máximo de 75 créditos, de xeito que, se está matriculado dun curso completo na USC (60 créditos), só lle quedan 15 créditos para cursar outro grao noutra universidade (2 ou 3 materias).

A razón que alegan é que, ao ser os estudos presenciais e con prácticas, un alumno non pode estar en dúas facultades á vez.

Podo entender ese argumento no caso de que as dúas universidades nas que se matricula o alumno sexan de carácter presencial, pero tamén aplican esta normativa á compatibilidade de estudos entre a USC e a UNED, universidade que, como o seu nome indica, é “a distancia”. Neste caso explican que se debe a unha “filosofía” (utilizaron esa expresión) da USC que entende que un estudante necesita tempo e dedicación para cursar 60 créditos nun curso, polo que O Consello de Goberno, responsable de elaborar a normativa, só pode permitir que curse 15 créditos doutro grao.

Eu considero que a USC non debería aplicar esa normativa á compatibilidade de estudos entre esa universidade e a UNED polas seguintes razóns:

-Esa “filosofía que está no fondo da normativa” ten un carácter paternalista (“tendencia a actuar nas relacións sociais, políticas ou laborais, exercendo un control ou unha autoridade excesivas aparentando protección e benevolencia”, definición do dicionario da RAG) que creo que excede a protección que unha universidade debe dar aos seu alumnado; debe ser o alumnado o que valore a súa capacidade de simultanear uns estudos de tipo presencial cuns estudos a distancia e tamén debe decidir a que quere dedicar o seu tempo libre, como sacarlle rendemento e que esforzo persoal está disposto a facer.

-As matrículas nas universidades non son gratuítas e ningún alumno con sentido común se vai matricular de máis materias das que se considere capaz de aprobar; é o alumnado, e non a USC, o que debe avaliar a súa capacidade de estudar e de facer os traballos para aprobar as materias que queira, sen que a USC lle teña que dicir cal é a súa capacidade de estudo, esforzo e aproveitamento do tempo.

-Moitos mozos adoitan completar os seus estudos de grao con estudos musicais ou coa práctica de deportes que lles esixen tempo e dedicación, e moitas veces, deben participar en concertos e competicións tamén en fins de semana. A USC non impide compatibilizar os estudos de grao con esoutros estudos; en cambio si prohibe que compatibilicen os estudos dun grao cos estudos doutro, aínda que estes se realicen nunha universidade que non esixe asistencia directa ás clases (UNED).

-A UNED é unha universidade que permite que moitas persoas que traballan a tempo completo simultaneen eses traballos cos estudos universitarios. Non hai ninguén que sexa quen de dicirlle a un traballador que, despois de traballar oito horas, ten que descansar e non pode estudar. En cambio a USC actúa dese xeito regulador sobre o seu alumnado.

-A UNED ten convocatoria de exames extraordinarios en setembro; isto tamén permitiría que un alumno da USC poida dedicar todo o seu tempo (de setembro a maio) en cursar o grao presencial e dedicar o período de verán a estudar as materias da UNED nas que queira matricularse. Non creo que a USC tamén deba decidir a que ten que dedicar un alumno o seu tempo de verán.

-Nas universidades galegas, só existe esa normativa de incompatibilidade na USC; non a aplica nin a universidade de Vigo nin a Universidade da Coruña. A UNED tampouco aplica ningunha incompatibilidade entre universidades.

-Este impedimento que pon a USC contradíse coa mensaxe que non paran de recibir os mozos de que deben ampliar o seu campo de estudos, debe abrirse a novas ofertas educativas, deben esforzarse e aproveitar o tempo. Canto tempo van tardar en aprobar un grao se só se poden matricular en 15 créditos cada ano?

Por todas esas razóns, considero que esa “normativa de simultaneidade” é unha normativa que impide o desenvolvemento académico e o aproveitamento das capacidades individuais do alumnado, polo que me gustaría que fose retirada.”

Dita queixa non foi admitida a trámite ao non pertencer a súa presentadora ao ámbito da Comunidade Universitaria da USC.

No entanto, informóuselle que a problemática descrita no seu escrito é obxecto de especial seguimento dende esta Institución ao terse presentado outras queixas ao respecto, trasladando ás autoridades académicas da USC a necesidade de estudar a posibilidade de efectuar cambios en dita normativa.

Así pois, a pesares de non ser tramitado formalmente como unha queixa, envíase o escrito á Secretaría Xeral da USC para o seu coñecemento e corroborando que a problemática descrita é recorrente.

Polo que recomendo que a USC faga unha reflexión e debate sobre a citada Normativa de Simultaneidade e os requisitos establecidos nela que veñen de ser obxecto de queixas: límite máximo de 75 créditos para simultanear estudos, regulación de simultaneidade con estudos na UNED.

A Secretaría Xeral da Universidade de Santiago de Compostela informou con posterioridade:

En relación coa queixa presentada por unha docente de ensino secundario en relación coa “Normativa sobre simultaneidade de estudos entre titulacións adaptadas aos EEES”, expediente Q 1409/18, comunicamos que, debido ás numerosas queixas que se recibiron ao respecto da redacción do artigo 3 punto 5 da Resolución reitoral do 3 de setembro de 2013 sobre simultaneidade de estudos entre titulacións adaptadas ao EEES, esta universidade estimou adecuadas ditas reivindicacións, polo que xa se estimou conveniente facer unha modificación á citada normativa, para introducir na mesma a posibilidade de simultanear máis de quince créditos noutra titulación, cando se trate de estudos de carácter non presencial.

Q 1409/19

Foi presentado un escrito de queixa por un alumno de Grao en relación coa modificación de oficio pola UXA da súa matrícula por non poder estar matriculado de máis créditos dos que figuran no seu acordo de intercambio SICUE. No escrito expón:

Estou matriculado na USC, e co acordo de estudos firmado e revisado tanto pola USC como pola outra universidade.

A miña matrícula, componse do contido do acordo académico ou compromiso de estudos, e a maiores dunha materia suspensa no curso precedente, que non está incluída no acordo, respectando a normativa vixente sobre os intercambios universitarios.

Onte, recibín comunicación telefónica na que se me informou, que a UXA pretende anular a miña matrícula ou modificala de oficio, xa que segundo eles a normativa da USC impide que un alumno que curse un intercambio poda estar matriculado en créditos na USC que non estean incluídos no acordo académico correspondente. Non recibín mais argumento ca ese, nin mención de norma onde se recolla.

Solicitado informe, a UXA correspondente comunica:

1º O problema consistía en que, segundo manifesta no correo, o programa informático no lle permitía (non figuraba no potencial de matrícula) realizar a matrícula na materia, obrigatoria de 4,5 créditos correspondente ó 1º semestre do Grao. Comprobamos que se trataba dun estudante de intercambio SICUE ó non poder matricular esta materia, segundo se establece na Normativa de Permanencia da USC, non podía, consecuentemente, formalizar matrícula no Traballo Fin de Grao. Ademais desa materia, quería matricular outras pertencentes ó 4º curso dos estudos nas que non tiña problema.

2º No acordo académico que figura no programa de mobilidade da Facultade, asinado entre o estudante e o coordinador, como non podía ser doutra forma, non figura a materia de 3º curso antes citada, máis tampouco podería figurar o TFG xa que non cumpriría os requisitos establecidos toda vez que a materia do 3º curso non a pode levar de intercambio nin tampouco pode matricularla para render exame na USC (a mobilidade é dun curso completo), tal e como se establece na RESOLUCIÓN do 15 de novembro de 2012

pola que se acorda a publicación do Regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes da Universidade de Santiago de Compostela aprobado no Consello de Goberno do 26 de outubro de 2012, no seu artigo 11, apartado 5 onde se establece o seguinte: Agás o previsto no primeiro parágrafo do artigo 10.7 deste regulamento (referido ás titulacións anteriores ao Real decreto 1393/2007), unicamente se poderá formalizar matrícula para render exame na USC nas materias cuatrimestrais que non se correspondan co semestre de mobilidade, se o período de mobilidade se limita a un semestre, e nos traballos de fin de grao e fin de máster, así como nas prácticas, tal e como se indica no artigo 10.12

Así mesmo, no apartado 9.8 da convocatoria SICUE exclúe calquera posibilidade de incluír no acordo académico as materias cualificadas con suspenso en cursos anteriores.

Ante esta situación, que debería ser advertida no seu día polos axentes que interveñen no proceso do intercambio, pónome en contacto co estudante e coa responsable do programa SICUE da ORE para tratar de buscar unha solución satisfactoria a este caso para non causarlle un prexuízo grave ó estudante.

A solución que lles plantexa é que se modificara o período de mobilidade xa que as demais materias que levaba no acordo académico eran anuais ou do 2º semestre. Desta forma, podería formalizar a matrícula da materia de 3º do 1º semestre para render exame na USC e as demais irían no acordo académico SICUE dentro do 2º semestre. Esta solución é aceptada polo interesado e pola responsable do programa SICUE da ORE quedando materializada na matrícula do estudante.

Así pois, á vista do expresado no presente informe, entendemos que non existe concordancia entre o establecido na Normativa de Permanencia que obriga a formalizar a matrícula en materias suspensas dos cursos anteriores e o Regulamento de Intercambios Universitarios da USC que impide a matrícula nesas materias cando a súa docencia se corresponda co período de mobilidade.

Para intentar atallar e solventar disfuncións como a que se manifestaba na queixa, e co ánimo de non prexudicar ao estudiantado, efectúanse interpretacións da normativa que son comunicadas ás UXAS para a súa aplicación en casos concretos.

Cómpre polo tanto darlles o correspondente amparo legal, por iso recomendo que se estude e analicen xunto con todos os axentes implicados nos procesos de intercambio (ORE, Unidades de Xestión Académica, Coordinadores, Responsables de unidades, etc.) as posibles disfuncións e incompatibilidades que se detectan na aplicación das actuais normativas para que sexan clarificadas, e incorporadas as novas interpretacións/modificacións nunha nova normativa que sexa coñecida por todos os implicados no proceso de xestión e polo estudiantado.

Q 1410/01

Foi presentado un escrito de queixa por unha estudante de Grao en relación con problemas xurdidos na formalización da súa matrícula e que impediron que puidera solicitar a bolsa de Colaboración do MEC en prazo.

Do expresado na queixa e no informe solicitado ao Sr. xefe da UXA, despréndese que a alumna intentou formalizar a súa matrícula en prazo para poder solicitar a bolsa de colaboración do MEC, e por motivos alleos a súa vontade: *“problemas técnicos relacionados coa aplicación informática Xescampus”* non puido efectuala, o que deu lugar á súa exclusión como candidata á citada bolsa por non estar matriculada antes do 15 de setembro e a pesares de ter comunicado e documentado de xeito exhaustivo dita circunstancia ante a Sección de Bolsas e Axudas ao alumnado da USC.

Solicítase informe da Secretaría Xeral da USC, no que se expón:

1.- No Curso 14-15 se implantou o Grao.

2.- A USC ten unha aplicación informática para facer adaptacións automáticas de plans vellos aos novos plans adaptados ao EEES. Sen embargo non estaba desenvolvido na USC un sistema de adaptación automatizado entre plans de estudos do EEES.

3.- A interesada solicitou adaptarse ao novo plan mediante escrito de 1 de setembro de 2014 e solicitou matricularse o día 8 de setembro de 2014.

4.- Os recoñecementos se fixeron de forma individualizada (non automatizada). A Resolución Reitoral de recoñecemento de adaptación ao novo grao ten data do 17 de setembro de 2014.

5.- A Convocatoria de Bolsas do Ministerio esixe que os requisitos que marca a convocatoria deben figurar no expediente o día 15 de setembro de 2014.

6. A alumna fixo unha matrícula o 17 de setembro na que non figuraban matriculados todos os créditos necesarios para rematar a titulación (faltaría unha optativa e o traballo fin de grao).

7.- A resolución provisional de bolsas se publicou con data do 23 de setembro. Nela a interesada figuraba coa bolsa denegada por non cumprir os requisitos en data do 15 de setembro de 2014.

8.- Con data do 25 de setembro de 2014 fai unha nova matrícula (que anula a do 17 de setembro) na que figura matriculada de todas as materias necesarias para ter dereito á bolsa.

9.- O Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado fixo consulta ao Ministerio sobre este caso e outras reclamacións e por correo electrónico indicou que o que debe acreditar a universidade é que os requisitos figuran no expediente da alumna en data 15 de setembro de 2014. Debe terse en conta que se trata dun proceso de concorrencia competitiva de tal xeito que propoñer a un estudante que non reúna os requisitos suporía prexudicar a outro que si os cumprise.

10.- No expediente da alumna a 15 de setembro de 2014 non figuraban todos os requisitos necesarios, e ademais neste momento no seu expediente figura:

- a. A Resolución Reitoral de recoñecemento de adaptación ao novo grao que ten data do 17 de setembro de 2014.
- b. Unha liquidación de matrícula do 17 de setembro na que non figuran matriculados todos os créditos necesarios para rematar a matrícula (faltaría unha optativa e o traballo fin de grao).
- c. Unha liquidación de matrícula do 25 de setembro (que anula a do 17 de setembro) na que figura a matrícula de todas as materias necesarias para ter dereito á bolsa (a resolución provisional de denegación da bolsa que se publicou ten data do 23 de setembro).

11.- Dado que existiron outros alumnos da mesma titulación que teñen a correspondente resolución reitoral de adaptación ao novo grao con data 11 e 12 de setembro de 2014, e que formalizaron matrícula para o curso académico 2014-2015 con data 15 de setembro de 2014 e casos parecidos que non puideron incluírse na proposta de bolsa por non reunir os requisitos con data do 15 de setembro de 2014 por causas non imputables directamente ao alumnado (estudantes de intercambio que tiveron as notas a tempo, etc.) dende o Servizo de Axudas indicaron con data do 9 de outubro de 2014 que non podían propoñer a esta alumna para a concesión da bolsa de colaboración dado que non poderían acreditar que reunía os requisitos na data fixada polo Ministerio de Educación.

12.- Con data do 10 de outubro de 2014 dende a Secretaria Xeral se propuxo que se enviara a documentación desta alumna aínda que no se concedera a bolsa, conforme o acordado polo equipo de goberno da USC.

13.- Dende o Servizo de Axudas indicaron nesa mesma data que:

“...É o Ministerio quen concede ou denega as bolsas. O Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, de acordo co convenio asinado entre a Universidade e o Ministerio de Educación ten a consideración de Unidade Xestora, e como tal debe velar polo cumprimento da normativa das axudas convocadas polo Ministerio e remitir unha proposta en base aos expedientes dos solicitantes.

Inicialmente, das propostas de concesión, non temos que remitir documentación ao Ministerio, pero en calquera momento se nos pode requirir a xustificación das propostas remitidas. Polo tanto, neste caso non imos incluír na proposta de concesión á alumna dado que da revisión do seu expediente este Servizo constata que, de acordo coa convocatoria e coas instrucións específicas recibidas logo de consultar o caso co propio Ministerio, non cumpre os requisitos esixidos pola convocatoria. Non debemos esquecer que propoñer a unha persoa que non cumpre os requisitos podería ter consecuencias incluso penais por favorecer conscientemente a unha persoa que non reúne os requisitos en detrimento de outra que si os reúne.

O que si é posible e que a alumna presente recurso de reposición unha vez que Ministerio resolva a convocatoria denegando a axuda solicitada. Neste caso a alumna podería acompañar toda a documentación e informes de que dispoña, quen resolvería o recurso sería o Ministerio de Educación e, de ter unha resolución favorable, a concesión incrementaría o número de bolsas de que dispón a USC e non prexudicaría a ningún outro dos solicitantes.

En todo caso, se a Universidade considera que neste caso, ou noutros similares dos que se están tramitando, existe algún erro nos datos que figuran no expediente da alumna debe modificar o expediente, corrigir os posibles erros e, dado que existía unha información previa distinta, certificar que a alumna reunía todos os requisitos esixidos na data que figura na convocatoria. Unha vez feitas as modificacións e coa certificación da Secretaría Xeral, teríamos o necesario respaldo legal diante de posibles auditorías, recursos ou reclamacións posteriores e neste servizo non teríamos problema en incluír á alumna nos listados de proposta de concesión.”

14.- A vista do anterior a Secretaría Xeral considera que se podería realizar un informe sobre as circunstancias concorrentes para que a alumna o poida utilizar na fundamentación do recurso que formule contra a denegación da bolsa.

15.- Se a alumna considera que existiu un funcionamento anómalo da Administración Universitaria que lle ocasionou un prexuízo económico que non ten a obriga de soportar, poderá formular solicitude de responsabilidade patrimonial ao abeiro do artigo 139 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro e Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo.

Trasládase o informe á presentadora da queixa informándolle especificamente do indicado nos apartados 13, 14 e 15 do mesmo para o exercicio de defensa dos seus dereitos.

A alumna formalizou solicitude de responsabilidade patrimonial diante da USC, que foi estimada.

Q 1410/02

Queixa presentada por unha alumna e motivada polos criterios de avaliación aplicados nunha materia dun Programa de Doutoramento.

Solicitouse informe ao respecto ao Sr. coordinador do programa no curso 2012/2013 no que indica:

“Los criterios para la realización y evaluación del módulo, fueron remitidos a los alumnos matriculados en esa modalidad en dos escritos de 19 de Septiembre de 2012, enviados desde este Departamento. Ello implicaba que el alumno tenía que cursar dos materias de 6 créditos una del módulo de "Obrigatorias" y una del módulo de "investigación" a elegir de tres. Además de realizar un trabajo de tres créditos dirigido por el profesor de una de las materias y evaluado según sus criterios. No existe ninguna otra indicación escrita sobre este cometido de la Comisión y de la Dirección del Departamento en ese momento.”

E no remitido pola Sra. coordinadora no curso 2013/2014, exponse:

“Que, os criterios de avaliación da materia obxecto da queixa foron establecidos con data 19 de setembro de 2012 e implicaba que o alumno tiña que cursar dúas materias de 6 créditos, unha do módulo de "Obrigatorias" e unha do módulo de "Investigación" a elixir de tres. Ademais de realizar un traballo de carácter obrigatorio referido ao Módulo de Investigación de tres créditos dirixido polo profesor encargado da materia optativa elixida polo alumno dentro do Módulo de Investigación. Estes criterios eran coñecidos pola alumna no seu momento e os tiña para matricularse na materia.

Con data 24 de setembro de 2014 a Comisión Académica do programas de Doutoramento Deseño e Innovación na Formación realizou un complemento de eses criterios co obxecto de clarificalos máis. Ese complemento non supón de ningunha maneira un cambio dos criterios anteriores.

Esta información foi remitida á alumna con data 24 de setembro de 2014.”

Q 1410/03

Foi presentado un escrito de queixa por unha traballadora do Persoal de Administración e Servizos da USC en relación coa escasa iluminación do Campus Vida e a incompatibilidade das frecuencias do transporte público co horario da xornada laboral.

Dende a Xerencia da USC comunican o seguinte:

"Infórmolle que tanto a cuestión relativa a iluminación do Campus Vida como a incompatibilidade do transporte público urbano co horario de xornada laboral da persoa que formula a queixa son, como se recoñece no propio escrito presentado polo/a interesado/a ao Valedor, competencia do Concello de Santiago de Compostela.

A estes efectos teranse en conta estas demandas nas conversas que de ordinario se manteñen co Concello para mellorar as prestacións que o organismo local proporciona á comunidade universitaria."

Q 1410/04

Foi presentado un escrito de queixa por representantes estudiantís da organización do acto de graduación dun Grao en relación co marco de desenvolvemento de dito acto establecido pola Facultade. No escrito expoñían:

- 1) Dende o inicio do curso temos realizadas varias reunións para organizar o acto de graduación da nosa promoción.
- 2) Nestas reunións acordouse fixar nun sábado a celebración do mesmo, na liña do que se viña facendo en anos anteriores. O sábado, ademais, é a data na que o maior número de pais e nais poden asistir sen ter que pedir permisos nos seus traballos.
- 3) Nunha asemblea celebrada o día 15 de Outubro a decana do centro fíxonos chegar a existencia dunha recomendación por parte da Reitoría de non celebrar este tipo de actos en sábado por non ser lectivo. Posto que unha recomendación non é unha prohibición, tendo en conta o manifestado no punto anterior, a asemblea optou polo sábado, día 13 de Xuño para a celebración do acto;
- 4) O día 22 de Outubro recibimos na nosa caixa de correo o documento "Marco de desenvolvemento para os actos de graduación" que promulgou a decana o día 22 de Outubro. No mesmo márcase que os actos de graduación co respaldo institucional deberán facerse de luns a venres, unha limitación que, reitero, supón que a unha alta porcentaxe de pais e familiares dos alumnos a asistencia resúltelles complicada, se non imposible.

Á vista do ata aquí relatado, tendo en conta que os sábados teñen consideración de día lectivo, como se demostra na impartición de aulas de posgrao ou en defensas de teses, e que o sábado ten sido o día de celebración tradicional desde tipo de eventos en esta facultade (con este decanato e os anteriores).

Entendemos que asistir un sábado a este evento pode supoñer unha pequena molestia ás autoridades académicas, pero tamén deberían de ter en conta que esa data é a que pode permitir asistir ó maior número de pais e nais quen son, en último termo os destinatarios do mesmo.

Admitida a queixa a trámite solicitouse informe á Sra. decana da Facultade, no que se indica:

- "1. O día 15 ás 12 h, na aula B da Facultade, os alumnos convocaron unha asemblea á cal asistín por petición dun deles. Na reunión, en primeiro lugar indiqueilles a miña opinión de que un verdadeiro acto de graduación sería aquel no que se recoñecera aos estudantes que realmente tiveran rematados os seus estudos de Grao.
2. Na reunión, transmitílle aos estudantes as principais cuestións que deberían considerar á hora de preparar o acto de graduación, e indiqueilles en qué asuntos participaba o decanato con maior intensidade. Foime reclamada unha norma escrita ao respecto, que se concretou no "Marco de desenvolvemento para os actos de graduación" dos títulos de Grao da Facultade, que se publicou por resolución decanal o 22 de outubro.
3. En relación a afirmación de que recibimos instrucións da reitoría, non hai unha recomendación escrita, pero sí é certo que lles transmitín a contrariedade do reitor no último acto de graduación pola celebración nunha data e lugar pouco apropiado, un sábado de xullo pola tarde nun establecemento hoteleiro, ao que a asistencia de profesorado loxicamente foi extremadamente escasa.
4. Fixenlles saber aos estudantes que aínda que a organización corresponde ao estudiantado, o acto se fai baixo o paraugas da institución, e a imaxe que dela se dea é fundamental.

5. A norma en ningún momento prohibe a organización do acto nos sábados, pero foi elaborada sobre a base da consideración deste acto como un acto institucional e académico en non como unha celebración privada e familiar. Polo tanto en ningún momento se exclúen os sábados para que os estudantes podan organizar os actos, pero nese caso o decanato non pode garantir o apoio ao mesmo nas condicións que aparecen recollidas no "Marco de desenvolvemento para o actos de graduación".

Á vista do exposto é preciso facer algunhas consideracións baseadas na convicción de que, en primeiro lugar, como adoita ser habitual neste tipo de situacións conflitivas, ambas partes teñen as súas razóns; en segundo lugar, están decididamente implicadas na solución do conflito e, en terceiro lugar, teñen a capacidade e deben ter a vontade de tratar de entender os argumentos da outra parte.

Neste caso concreto, un acto de graduación é necesario contemplalo dende unha dobre perspectiva. Por unha banda, aínda que con certas peculiaridades, non deixa de ser un acto que ten importantes connotacións institucionais o que implica que o Decanato debe velar por que se respecten as normas ao uso e por outra non é menos certo que ten tamén connotacións relacionadas co ámbito familiar, non deixa de ser una escenificación do resultado final derivado dos esforzos que realizan as familias. É obvia a súa importancia en termos de satisfacción familiar o feito de ver aos seus fillos culminar a súa formación universitaria o que implica que as instancias universitarias deberían favorecer a asistencia e implicación dos familiares a estes actos.

Tendo en conta o anteriormente exposto *suxírese que por parte de todos se fagan os esforzos oportunos para tratar de harmonizar estas dúas perspectivas.*

Q 1410/05

En relación cunha queixa presentada por unha alumna e referida a problemas de aparcamento e accesibilidade ás dependencias dunha Facultade.

O informe da Sra. decana expón as actuacións efectuadas, co fin de solventar os problemas manifestados a través da queixa:

- 1) Tal e como comunicou o decano anterior, o aparcadoiro da Facultade no Campus Norte non reúne as condicións de espazo e mobilidade necesarios para habilitar unha praza para persoas con discapacidade.
- 2) Dende o Centro realizáronse as xestións necesarias co SEPIU para dar unha solución á necesidade reclamada pola alumna.
- 3) Con data do 20/10/2014 remitiuse a solicitude do SEPIU á Área de Infraestruturas da USC para facer as xestións oportunas co Concello para habilitar unha praza de aparcadoiro para persoas con discapacidade no acceso norte ou sur do edificio.
- 4) Con data do 4 de novembro, dende o Decanato, contactouse coa Área de Infraestruturas da USC abríndose formalmente unha incidencia para a tramitación, segundo o procedemento habitual, da solicitude dunha praza ao Concello. Polo tanto esperamos que nun prazo o máis curto posible o Concello habilite a praza de aparcadoiro solicitada e dende o Decanato faremos seguimento da tramitación ata acadar unha solución.

Q 1410/06

Queixa que tiña presentada un membro do PDI e referida ao procedemento de emisión de certificados para o recoñecemento de uso da aula virtual.

O informe da Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa poñía de manifesto:

.../esta Vicerreitoría procedeu a dar traslado da mesma á directora do CeTA que enviou o seguinte informe:

A situación que relata o citado profesor sobre a emisión dos informes de uso do Campus Virtual da USC non corresponde coa vixente actualmente. Nestes momentos a solicitude dos Informes de uso pode realizarse a través da Secretaría Virtual en calquera momento do ano académico. Poden solicitarse informes de cursos anteriores ou do presente, unha vez rematada a docencia das materias en cuestión.

O criterio seguido atende ao feito de que o/a docente faga uso efectivo do Campus Virtual. Cómpre lembrar que as aulas virtuais se crean automaticamente no caso das materias vinculadas ao POD, polo que para ter constancia da súa utilización recórrase a un criterio técnico que poida ser cuantificado e contrastado. De tal xeito, e de acordo coa Area TIC, estableceuse como criterio técnico un número mínimo de cinco accesos en cada aula virtual por parte do/a profesor/a.

Esta información está dispoñible para a comunidade universitaria na páxina web do CeTA:
<http://www.usc.es/gl/servizos/ceta/tecnologias/profesorado.html>

Dende o CeTA manifestamos a nosa total disposición para atender a súa demanda conforme a esta nova situación.

Q 1411/01

Foi formulada unha consulta polo Defensor Universitario da Universidad de Valladolid solicitando información sobre a aplicación que fai a USC do art. 15 do R.D. 99/2011 que regula as ensinanzas oficiais de doutorado, que indica:

Artículo 15. Mención Internacional en el título de Doctor.

1. El título de Doctor o Doctora podrá incluir en su anverso la mención “Doctor Internacional”, siempre que concurren las siguientes circunstancias

a) Que, durante el período de formación necesario para la obtención del título de doctor, el doctorando haya realizado una estancia mínima de tres meses fuera de España en una institución de enseñanza superior o centro de investigación de prestigio, cursando estudios o realizando trabajos de investigación. La estancia y las actividades han de ser avaladas por el director y autorizadas por la Comisión Académica y se incorporarán al documento de actividades del doctorando.

Trasladada a consulta á Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa informa que a resposta enviada dende a Escola de Doutoramento Internacional foi a seguinte:

“Realizada esta mesma consulta ó Servizo Xurídico da USC, considerouse que a estancia mínima fóra de España debía ser de tres meses ininterrompidos. Excepcionalmente, podería considerarse unha estancia partida sempre e cando se realice na mesma institución de ensinanza superior ou centro de investigación de prestixio.

Estes casos requirirán a aprobación da Comisión de Doutoramento do Centro de Posgrao.

Así mesmo, na última reunión da Comisión de Doutoramento do Centro de Posgrao, fíxose fincapé en que a estancia debe realizarse nunha institución de ensino superior ou centro de investigación de prestixio, cursando estudos ou realizando traballos de investigación relacionados ca tese.”

Da información recadada polo Defensor Universitario da Universidad de Valladolid despréndese os seguintes datos dun total de 21 universidades que respostaron:

- 15 Universidades permiten estancia fragmentada con total flexibilidade cunha duración total de 3 meses, en diferentes centros.
- 2 universidades permiten estancia fragmentada nun mesmo centro.
- 4 universidades obrigan a estancia continuada.

Atopándose a Universidade de Santiago de Compostela entre as que fan unha interpretación máis restritiva do citado artigo.

O contido dos anteriores datos permite constatar a existencia de diferentes interpretacións do Artigo 15 do RD 99/2011 que veñen motivadas porque o mencionado artigo non afirma que deba ser unha “estancia continuada”, nin especifica que se deba realizar “nunha única institución de ensino superior ou centro de investigación de prestixio”, facendo así cada universidade a súa propia aplicación e xerando situacións de agravio entre estudantes.

Por iso, *recomendo que ante a non concreción do Art. 15 sobre os aspectos indicados, a Universidade de Santiago de Compostela faga unha interpretación máis flexible do mesmo e menos prexudicial para os seus propios estudantes.*

Q 1411/02

Foi presentado un escrito por alumna da USC, en relación co procedemento de devolución da fianza no Sistema Universitario de Residencias (SUR) no que expoñía o seguinte:

PRIMERO.- Con fecha 21/08/2014 se realiza el pago de la fianza para confirmación de reserva de 150 euros, estando en ese momento aún pendiente de las listas de adjudicación de plazas en distintas Facultades del Campus de Santiago.

SEGUNDO.- Con fecha 29 de julio y ante las remotas posibilidades de poder entrar en alguno de los grados pedidos de acuerdo a las 2 primeras listas, se solicita la ampliación de varios grados más, siendo admitida con 4º orden de preferencia en un Grado del campus de Lugo.

TERCERO.- El día 02/09/2014 sale publicado el tercer listado de admitidos en los tres grados, siguiendo en lista de espera.

Con fecha 09/09/2014 se vuelve a publicar un nuevo listado de admitidos, el cuarto, donde se cierra dicho listado y quedando sin opción alguna de poder entrar en el grado que consignara como 1ª opción, apareciendo como convocada en el Grado de Lugo.

CUARTO.- Como en las últimas listas publicadas de otros Grados aún tenía por delante bastante gente que figuraba como convocada y en lista de espera, se procede a la matriculación en el grado donde fue convocada y admitida en el campus de Lugo.

QUINTO.- Según las bases de la convocatoria de residencias universitarias, decía que el último día para devolver la fianza era el día 3 de septiembre, pero ese día todavía estaba a la espera de poder salir en alguna de las listas, por lo cual no era viable pedir la devolución en ese momento, porque no se sabía absolutamente nada.

Como podrá observar el hecho de no ocupar la plaza adjudicada no ha sido porque no hubiéramos querido, sino por la situación que se ha dado, totalmente ajena a nuestros intereses.

Admitida a queixa a trámite solicitouse ao respecto un informe á Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, remitindo a seguinte información que lle traslada o Sr. Xefe do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado:

“A Universidade de Santiago de Compostela, por acordo do Consello de Goberno do 26 de marzo e do Consello Social do 1 de abril de 2014 aprobou a “Convocatoria Ordinaria de prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR) da USC para o curso 2014/2015” (en diante A CONVOCATORIA).

A CONVOCATORIA ten un carácter competitivo, dado que anualmente son ao redor de 2000 os solicitantes para un total de 1071 prazas de aloxamento. Polo tanto a asignación da praza a un solicitante supón que outros con menor puntuación non poden obter praza.

Dado que aqueles solicitantes que pagan a fianza e finalmente non ocupan a súa praza impiden que outros solicitantes poidan acceder a unha praza no SUR, A CONVOCATORIA establece no seu artigo 16 “devolución de fianzas” que non terán dereito á devolución da fianza os/as residentes e colexiais que “renuncien á praza adxudicada con posterioridade ao 3 de setembro de 2014”

Esta penalización establecida no artigo 16 non está condicionada pola admisión ou non nunha titulación da USC, e trata de conseguir que os solicitantes valoren a súa situación e posibilidades e que en caso de ter que

renunciar o fagan con anterioridade ao 3 de setembro para favorecer a aqueles solicitantes que mantendo o interese nunha praza do SUR non poden ocupala por estar reservada.

Pola súa parte, foi admitida no Colexio Maior Fonseca con data 18 de agosto de 2014, pagou a fianza de confirmación da súa praza o 21 de agosto de 2014, pero finalmente presentou a renuncia á súa praza o 15 de setembro de 2014.

Polo tanto, ao presentar a renuncia con posterioridade ao 3 de setembro, de acordo co establecido no artigo 16, a solicitante non ten dereito á devolución da fianza.

Á vista do antedito informe, é preciso facer as seguintes observacións:

1ª.- O carácter competitivo da convocatoria considérase como un dato irrelevante para o obxecto da queixa presentada.

2ª.- Non é certo que con carácter xeral, e a lo menos é así no caso particular que nos ocupa, que o pago da fianza e non ocupación da praza impida sempre o acceso a outras persoas a unha praza no SUR. Polo tanto, esa non pode ser a razón pola que se establece esa data concreta, 3 de setembro de 2014, no artigo 16 da convocatoria como data límite para devolución de fianzas.

3ª.- Nun sistema de residencias universitarias, si a penalización non está condicionada pola admisión nunha titulación na USC, dende o meu punto de vista, debería estalo. As persoas que solicitan unha praza o fan na súa condición de alumnos da USC e para iso deben estar admitidos nunha titulación dese campus.

Máis alá destas precisións concretas ao informe remitido, quixera tamén facer unas consideracións de carácter xeral:

1ª. O usual é que cando se solicita unha fianza sexa para poder facer fronte a futuros impagos, demoras ou habitualmente a posibles desperfectos que puideran causarse. Neste caso, posto que non foi ocupada a praza, dificilmente poderán darse os supostos que xustificarian a utilización da fianza.

2ª. Concorre neste caso outra circunstancia máis grave. É de supoñer que á persoa que ocupou a praza á que renunciou a presentadora desta queixa, esixíuselle o pago dunha fianza como a calquera das persoas que ocupan unha praza, pois ben estamos nun caso no que se solicitan dúas fianzas sobre o mesmo: Dificilmente comprensible e mesmo con serios atisbos de ilegalidade.

3ª Parece un criterio lóxico e ademais suxeito a calquera principio de actuación xurídica que calquera penalización só se impute cando o incumprimento é debido a unha negligencia por parte dunha persoa pero non cando non ten ningunha responsabilidade dese incumprimento. Neste caso prodúcese unha disfunción debida á ausencia de sincronía entre os prazos establecidos na convocatoria de prazas e os prazos que se establecen para a admisión de alumnos e matrícula en primeiro curso o que xera problemas como o que nos ocupa, imputable en calquera caso a Administración e nunca ao administrado.

Por todo o anteriormente exposto faise a seguinte recomendación:

Polo que atinxe en concreto a queixa presentada, recoméndase devolver a fianza depositada pola presentadora da queixa.

Con carácter máis xeral e co obxecto de evitar, na medida do posible, futuras disfuncións, recomendase que en sucesivas convocatorias se fagan as seguintes modificacións:

Distinguir entre o depósito dunha cantidade de cartos en concepto de fianza ou en concepto de reserva de praza.

Para os alumnos/as que vaian a cursar o primeiro curso, se amplíe a data límite para a solicitude da devolución do depósito cando non se ocupe a praza, procurando adecuala ao calendario de admisión e matrícula, (na actualidade: 3 de setembro, para a devolución da fianza, e do 22 ao 24 de outubro, o derradeiro prazo de matrícula), de xeito que se reduza ese período, que semella excesivamente amplo. Enténdese que isto non é necesario para o alumnado matriculado noutros cursos por non estar exposto a esta continxencia.

Por outra parte e independentemente do concepto ao que se refira o depósito monetario (fianza ou reserva de praza), cando se renuncie a ocupar a praza recoméndase considerar a devolución de dito importe cando se dean certas condicións como pode ser: que a renuncia se produza nun período do curso razoable e que a praza sexa ocupada por outra persoa. No caso de que a renuncia se derive dunha circunstancia sobrevida e non imputable ao alumno (por exemplo: enfermidade de longa duración, grave quebranto na economía familiar,...), debería devolverse sempre.

En relación coa recomendación efectuada a Vicerreitoría de Estudantes Cultura e Responsabilidade Social da USC enviou a seguinte comunicación:

"1. A Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, ten dentro das súas competencias a xestión das prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias(SUR) da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

2. Todos os anos, logo de analizar os resultados das últimas convocatorias, elabora unha nova convocatoria de prazas de aloxamento, remite a proposta da convocatoria á asesoría xurídica como mecanismo de control de legalidade, e posteriormente preséntaa ao Consello de Goberno e ao Consello Social para a súa aprobación.

3. Unha vez aprobada polo Consello de Goberno e polo Consello Social a convocatoria publícase e pasa a constituír a norma legal que rexe todos os procesos relacionados coa mesma. A propia convocatoria recolle a posibilidade de impugnación si se considera que conculca algún dereito ou vulnera a legalidade.

4. A participación na convocatoria é voluntaria, pero a presentación da solicitude supón a aceptación da propia convocatoria e das normas que a rexen.

5. Unha vez aprobada e publicada a convocatoria, tanto a Vicerreitoría como os servizos encargados da súa xestión quedan obrigados polo recollido na mesma, non podendo adoptar decisións ou acordos que contraveñan o recollido no seu texto.

6. En todo caso, á vista do seu escrito e das recomendacións recollidas no mesmo, consultamos coa asesoría da USC, e na súa resposta, tal e como fixera no momento da tramitación da convocatoria, indica que non atopa vulneración da legalidade no texto da mesma, ratifica o recollido nos parágrafos anteriores, e ademais no relativo á posibilidade de devolución da fianza indican:

"A devolución da fianza de Dona ... non sería conforme a dereito" xa que o recollido no artigo 16 da convocatoria non deixa lugar á interpretación e fixa como data límite para presentar a renuncia o 3 de setembro.

De facelo estaríamos vulnerando o recollido no artigo 16 da convocatoria, e tomando unha decisión que podería resultar discriminatoria respecto de outros solicitantes que se atopasen na mesma situación e que non presentasen a correspondente queixa.

7. Para nós o carácter competitivo da convocatoria non é un dato irrelevante, xa que as renunciacións extemporáneas producen un grave dano, tanto aos outros solicitantes, como á propia USC, e sendo esta unha das motivacións que levaron á vicerreitoría a propoñer o texto do artigo 16.

8. A implantación das novas titulacións de grao veu a modificar o calendario académico, adiantando o inicio do curso aos primeiros días do mes de setembro, sen embargo a convocatoria de matrícula continúa cos mesmos prazos establecidos nos anteriores estudos e que permiten formalizar matrícula ou modificala ata finais do mes de outubro.

Como consecuencia do adianto do inicio do curso, a demanda maioritaria dos solicitantes de praza no SUR é a de adiantar os prazos de resolución para poder coñecer coa maior antelación posible ao inicio de curso se contan ou non cunha praza de aloxamento.

Ademais na xestión das convocatorias puidemos comprobar que as posibilidades de ocupar unha praza vacante unha vez iniciado o curso redúcense substancialmente, polo que se queríamos conseguir unha xestión eficiente do SUR ocupando todas as prazas vacantes,debíamos adiantar os prazos de resolución, establecer prazos para as renuncias anteriores ao inicio do curso e penalizar os incumprimentos.

O exposto anteriormente neste punto foi o que nos levou a propoñer a redacción da actual convocatoria, que finalmente foi ratificada por Consello de Goberno e Consello Social, na que os prazos de resolución se adiantaron (a última resolución pasou do 30 de agosto do curso 2012-2013 ao 22 de agosto desta última convocatoria), e estableceuse como data límite para a renuncia o 3 de setembro. Como resultado, o número de prazas vacantes no momento de aprobar as cotas (mediados de outubro) reduciuse de 34 a 16.

Aínda así, o número de prazas vacantes parécenos excesivo tendo en conta que no inicio do proceso de selección contamos con case 2.000 solicitudes para algo menos de 1.100 prazas.

9. Do exposto no apartado anterior constátase un prexuízo para aqueles solicitantes que estando interesados nunha praza non poden obtela por estar reservada para alguén que finalmente non a ocupa, e tamén un prexuízo económico para a propia USC que, dende o momento que pon a praza a disposición do beneficiario asume os custos ela mesma e non percibe ningún ingreso por non ser finalmente ocupada. De acordo cos datos do apartado anterior, e tendo en conta o custe medio dunha praza no SUR (270 €), o prexuízo económico para a USC pasou dos 82.620 € do curso 2012-2013 aos 38.880 € deste curso.

10. Por outro lado, indicar que a fianza que se esixe na convocatoria ten o carácter de depósito de reserva de praza, tal e como se recolle no artigo 11 da convocatoria "Pagamento da fianza para confirmar a reserva da praza", engadindo explicitamente que "de non entregar o xustificante de pagamento da fianza entenderase que renuncia á praza concedida". Esta fianza de reserva de praza, se o residente pasa a ocupar unha praza durante todo o curso, pasa a constituír un depósito ante posibles impagos, non ocupación durante todo o período ou desperfectos sen necesidade de ingresar un novo importe.

11. Sinalar tamén que no momento de producirse unha renuncia, a praza vacante incorpórase á oferta con todas as prazas vacantes, sendo ofertada conxuntamente a todos os interesados,e podendo cubrirse cun cambio de centro ou cunha nova admisión. Polo tanto ao ofertarse conxuntamente con todas as prazas dispoñibles non hai unha relación directa entre unha renuncia e a data na que se cubre a habitación asignada a esa persoa. De todas maneiras,neste caso, e tendo en conta que o C.M. Fonseca é un dos centros con maior demanda e con maior facilidade para cubrir todas as vacantes, nos primeiros días do mes de outubro aínda quedaban 3 prazas vacantes, e unicamente se producira 1 renuncia en data posterior á da reclamante. Polo tanto, o simple custo da habitación durante o mes de setembro xa sería superior aos 150 € da fianza de reserva de praza.

12. Finalmente indicar que como todos os anos, na preparación da nova convocatoria, faremos unha análise da xestión da anterior e, por suposto, teremos en conta o seu escrito de recomendacións para incorporar na proposta que se presentará ao Consello de Goberno e ao Consello Social aquelas cuestións que ao noso entender axuden a mellorar a actual “

Q 1411/03

Foi presentado un escrito por unha alumna en relación co non recoñecemento como créditos para a súa titulación duns cursos de lingua de signos española impartidos polo Centro de Linguas Modernas (CLM) da USC. No escrito expón:

He realizado dos cursos en el CLM (órgano de la USC) de lengua de signos española y tengo dos certificados de 2,5 créditos cada uno, en enero obtendré otro más.

He ido a la UXA para acreditarlos y me han dicho que no valen, ya que no es una lengua extranjera, pero yo pido la acreditación como créditos culturales, no lingüísticos, ya que esta no es una lengua extranjera pero sí está reconocida como una lengua oficial en el estado español. Al igual que otorgan créditos por apuntarse al equipo de baloncesto de la USC u otras actividades, que la USC me reconozca el valor de unos créditos que ella misma me ha concedido.

Considerando que dito escrito reúne os requisitos formais necesarios foi admitido a trámite como unha queixa.

O “Acordo do consello de goberno sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do real decreto 1393/2007” indica ao respecto:

PRIMEIRO.- NORMAS COMÚNS

1.1.- Recoñeceranse créditos nos estudos de grao polas competencias adquiridas mediante a participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación até un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos, consonte as disposicións contidas neste acordo.

A petición do alumno, as actividades acreditadas por encima deste límite poderán figurar no expediente polo procedemento de transferencia de créditos.

1.2.- Ademais das incluídas neste acordo, mediante resolución reitoral poderanse determinar outras actividades para seren recoñecidas como créditos nas titulacións de grao. Como criterio xeral, para que poida ditarse resolución de recoñecemento de créditos por outras actividades, o contido da actividade debe axustarse ao disposto no artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007 e existir un proceso formativo cunha programación estruturada, que os alumnos teñan seguimento por parte dos responsables da actividade, e que poida ser avaliable.

Estas resolucións 'de recoñecemento elevaranse á COAP para que emita informe.

E no apartado *Cuarto. Actividades da Área de Cultura* expónse:

4.2.- Corresponde a vicerreitoría competente en materia de cultura propoñer á COAP as actividades recoñecibles e o número de créditos que se recoñecerán por cada actividade. Por resolución reitoral estableceranse as actividades recoñecibles. Esta resolución deberá ditarse e facerse pública con anterioridade á súa celebración e deberá ser comunicada á Secretaría Xeral a través do Servizo de Xestión Académica.

Por iso, *recomendo que se estude por esa Vicerreitoría a posibilidade de recoñecemento dos cursos de lingua de signos española que imparte o CLM como “Actividades da área de cultura” ou mesmo “Actividades solidarias e de cooperación” entre as que recolle o citado Acordo de Consello de Goberno de 31/10/2013.*

Con posterioridade mediante Acordo do Consello de Goberno aprobouse unha normativa específica para o recoñecemento da lingua de signos.

Q 1411/04

Foi presentado un escrito redactado en conxunto pola representación do alumnado dun centro adscrito en relación con distintos aspectos referidos á calidade da docencia en dito centro.

No informe solicitado dende a Dirección de Turismo de Galicia da Xunta de Galicia informan:

.../ 2. Este proceso de incorporación á Administración Pública conleva un período de adaptación da organización e da propia Administración a unha serie de procedementos novos e órganos que interveñen no seu fiscalización.

3. Que tanto a Dirección de profesionalización como a dirección da Axencia, informou puntualmente aos alumnos dos cambios organizativos a nivel colectivo e tamén a nivel individual, sempre que o requiriron.

4. Que os novos procedementos afectan non só á organización docente, senón tamén a outros aspectos administrativos como a contratación de servizos ou aprovisionamentos, xestión de bolsas, entre outros.

5. Desafortunadamente algunhas das situacións descritas pola representación de alumnado non estaban previstas na organización do curso, como son as baixas por enfermidade dalgúns dos traballadores do Centro. Nestes casos, a xestión complícase máis pola seu carácter imprevisto.

6. Finalmente, quixese destacar que tanto a Xunta de Galicia como propietaria do Centro, como os profesionais que traballan nesta escola demostraron durante os 20 anos de historia unha excelente profesionalidade que fixo posible que sexa recoñecido como un centro de referencia internacional. Alumnos, empresas, institucións, colaboradores e antigos alumnos contribuíron ao éxito deste proxecto.

Por todo o anterior, esta dirección considera que se trata dunha situación conxuntural e que así debe entenderse de xeito transitorio. Nestes momentos seguimos traballando intensamente para que os nosos alumnos poidan alcanzar os máximos niveis de excelencia académica durante o presente curso.”

Q 1412/01

Presentadas queixas por dúas participantes nun proceso selectivo para a cobertura de prazas de persoal laboral fixo manifestando a súa desconformidade co desenvolvemento do 3º exercicio de dito proceso selectivo.

O informe do Sr. presidente indica que o tribunal reuniuse adoptando diversos acordos sobre as reclamacións presentadas, entre os cales figura anular a pregunta número 8 do terceiro exercicio e desestimar a reclamación da anulación do exame presentada polas opositoras.

Q 1412/02

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna de Grao en relación coa modificación do titor do Traballo de Fin de Grao (TFG) que tiña asignado. No escrito, en resume, expón:

O meu problema ven que onte enviáronme un correo de que o meu titor do TFG esta moi saturado e que me "caio" da súa listaxe. Isto pasou o mesmo hai dúas semanas con outras dúas compañeiras que "caeron" da mesma listaxe pero a min comunicóuseme onte, 3 de Decembro. Tendo os demais compañeiros da miña carreira entregado o resumen do seu tema do TFG o 28 de Novembro. Polo que eu agora teño que adaptarme e acollerme a dous titores só e non teño a oportunidade de poder ter os da miñas preferencias, sen ter as mesmas oportunidades ca os demais.

Dende o Decanato informan ter asignado un novo titor.

Q 1412/03

Foi presentado un escrito de queixa por un alumno en relación coa expedición dun título. Na información facilitada polo alumno indica que:

- Tendo coñecemento de que lle ían cambiar o NIE recadou información na USC sobre os trámites oportunos no momento de formalizar a solicitude do título. Indicáronlle que acompañara á solicitude unha copia do pasaporte co fin de que lle fora expedido o título co nº. do mesmo.
- No título expedido figura o NIE e non o pasaporte como era a súa intención.
- Solicita que se subsane o erro no seu título referenciando o pasaporte, cuxo número consta na solicitude, sen custo.

O informe solicitado á Sección de Títulos da USC indica:

O alumno solicitou a expedición do Título entregando xunto coa solicitude e o pago de taxas, fotocopia do seu pasaporte.

Expedido o título, cos datos que figuran na certificación enviada polo centro

Con data 12 de decembro pasa pola Sección de Títulos para recollelo e manifesta que debe figurar o número de pasaporte e non o NIE, xa que foi o documento que entregou cando presentou a solicitude de expedición do título. Infórmaselle que para que figure o Pasaporte debe pasar pola Sección de Terceiro Ciclo para cambiar o documento de identificación no seu expediente. Unha vez modificado o expediente académico, procederíase á expedición dun duplicado do seu título propio sen custes para o alumno.

Q 1501/01

Foron presentados por unha alumna, bolsa de apoio para as Aulas de Informática, queixas motivadas por non ter recibido resposta a un escrito dirixido á Dirección da Área TIC e polas contías do pagamento das bolsas que se lle teñen efectuado, que estima incorrectas.

Dáse traslado da queixa á Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación.

Q 1501/02

Foi presentado un escrito por unha alumna en relación co que ela considera unha demora no proceso de expedición do certificado correspondente a un programa de intercambio.

No informe solicitando ao respecto, indicámos que se lle expediu o correspondente certificado con data 24/02/2015, en galego e castelán, e que se lle tiñan expedido con anterioridade outros certificados con data 23/04/2014 en castelán e 24/04/2014 en inglés.

Q 1501/03

Recíbese un escrito nesta Institución que non pode ser admitido a trámite como unha queixa ao entender que o expresado no mesmo non se encontra dentro das competencias do Valedor da Comunidade Universitaria:

“Solicita a revisión da citada queixa, e no caso de proceder, a paralización da aprobación da proposta dos criterios de elección de docencia do departamento, por mor de considerar afectado pola actuación do departamento,...”

e atoparse o Regulamento de Réxime Interno do Departamento correspondente, obxecto da queixa, en proceso de tramitación. Non obstante, *infórmaselle que se da traslado do seu escrito á Secretaría Xeral da USC por se considera oportuno efectuar algún tipo de actuación ao respecto.*

Q 1501/04

Escrito de queixa presentado por un Profesor Titular en relación coa demora producida pola USC nos pagamentos de gastos comprometidos correspondentes a un proxecto de I+D.

O informe solicitado á Xerencia da USC indica:

“O Servizo de Xestión Económica de I+D nos informa o seguinte:

.../

A xestión orzamentaria da USC en aplicación da normativa vixente aplica os principios orzamentarios básicos, entre os que imos destacar os que teñen relación directa coa causa da queixa.

1.- Principio de unidade

O principio de unidade no seu enunciado xurídico establece que os orzamentos conteñen a totalidade das previsións de gastos e ingresos da administración e así se recolle na Ley General Presupuestaria. Este principio abrangue a unidade de caixa.

2.- Principio de especialización

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que foron autorizados no orzamento aprobado ou o que resulta das modificacións aprobadas.

Á vista do informe da oficina de I+D o ingreso efectivo está datado con posterioridade ás datas nas que se realizou o gasto, de non aplicar o principio de unidade de caixa, non se podería ter dotado a partida ata o ingreso efectivo por parte do Ministerio. Por outra parte indicar que a USC non está dispoñendo de fondos finalistas acadados polo profesor, a USC habilita unha partida orzamentaria para unha finalidade concreta da que é titular o profesor e, de acordo co principio de especialización, este crédito está afectado á realización do traballo para o que lle foi concedido.

Entendemos o malestar polos problemas de tesourería polos que estamos pasando, pero atendendo a principios de equidade, imos facendo os pagamentos que podemos atendendo a antigüidade das facturas, aos contratos necesarios para o funcionamento do servizo público e, por suposto, atender o pagamento das nóminas do persoal.”

Q 1501/05

Queixa presentada por unha estudante italiana en relación coa lingua na que lle foi impartida docencia nunha materia dun Máster. Na que expón que non puido entender a clase nin coller apuntes porque lle foi explicada en galego e que os profesores non adoptaron ningún tipo de actuación para ser máis empáticos coa súa dificultade.

O informe do Sr. vicerreitor de Internacionalización detalla o protocolo de actuación para orientación do alumnado estranxeiro e a resolución de dúbidas.

O correspondente ao Coordinador do Máster indica que as afirmacións realizadas pola alumna para fundamentar as súa queixa non son exactas, non sendo certo que toda a materia se impartira en galego, pois un dos docentes a impartiu en castelán, e que a alumna non tivo ningún contacto cos profesores ao longo do cuadrimestre para manifestarlles o seu problema de comprensión lingüística, nin requiriu o apoio do coordinador do máster.

Q 1501/06

Foi presentado un escrito por unha doutoranda expoñendo uns feitos que se considerou podían dar lugar ao inicio do protocolo de “prevención e resolución de procesos de acoso psicolóxico nas relacións laborais”.

Deuse traslado dos feitos ao Servizo de Prevención de Riscos para a súa análise e valoración. Resultando que se efectuou unha avaliación psicosocial do grupo de investigación e como resultado da mesma deuse traslado da situación á Comisión de Resolución de Conflitos da USC para a súa investigación.

Q 1502/01

En relación cunha queixa presentada motivada pola ausencia de docente, debido a unha xubilación, en materias dun Grao.

Os informes solicitados á Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación detallan tódolos atrancos que xustifican a demora na provisión da praza e as medidas adoptadas para removelos e facer efectiva a mesma, así como o da Sra. decana da Facultade que ademais de abondar nesos aspectos tamén indica:

.../ En consecuencia debemos informar que os motivos que produciron a demora na cobertura da docencia son os expostos anteriormente e que polo tanto este equipo decanal realizou puntualmente, e segue realizando insistentemente, todas as xestións posibles para a impartición da docencia nas materias dos planos de estudo de Grao e do Máster desta Facultade asignadas á maior brevidade xunto cun plan de traballo que permita a recuperación da docencia perdida. A esta data (12/02/2015) o director do Departamento comunicounos que as clases comezarían con normalidade esta mesma semana e o profesorado acordará co alumnado o plan de recuperación das sesións non impartidas.

Q 1502/02

Recibiuse nesta institución un escrito de queixa asinado 207 alumnos e alumnas de dous Graos, no que, en síntese, se denunciaba a tardanza en cubrir as baixas médicas de dous profesores, un deles por incapacidade laboral e outro por accidente. Este mesmo escrito foi presentado na institución do Valedor do Pobo.

En ambos casos foron admitidos a trámite e se solicitaron os pertinentes informes, tanto á Universidade como á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Unha vez analizados ditos informes e en virtude do Convenio asinado o 28 de maio de 2014 entre o Valedor do Pobo e os Comisionados universitarios de Galicia, o Valedor do Pobo en colaboración e de acordo cos tres comisionados adoptou unha recomendación e que con data 30 de xullo de 2015 foi enviada ao Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Q 1502/03

Escrito presentado por unha alumna participante nunha estadía de investigación dando conta dunha serie de feitos que ela consideraba como abusos ou buying no ámbito académico.

O mesmo non se admite a trámite como una queixa por considerar que non se documentan fehacientemente os feitos descritos e que poden ser froito dunha apreciación subxectiva.

Q 1502/04

Foi presentado un escrito de queixa por representantes estudantís en relación coa organización do acto de graduación do Grao.

Admitida a queixa a trámite, cabe recordar que foi tramitada unha queixa análoga (Q1410/04) nesta Institución, que deu lugar á remisión á Sra. decana desa Facultade e aos presentadores da queixa, dun escrito no que se indicaba:

“.../ Á vista do exposto é preciso facer algunhas consideracións baseadas na convicción de que, en primeiro lugar, como adoita ser habitual neste tipo de situacións conflitivas, ambas partes teñen as súas razóns; en segundo lugar, están decididamente implicadas na solución do conflito e, en terceiro lugar, teñen a capacidade e deben ter a vontade de tratar de entender os argumentos da outra parte.

Neste caso concreto, un acto de graduación é necesario contemplalo dende unha dobre perspectiva. Por unha banda, aínda que con certas peculiaridades, non deixa de ser un acto que ten importantes connotacións institucionais o que implica que o Decanato debe velar por que se respecten as normas ao uso e por outra non é menos certo que ten tamén connotacións relacionadas co ámbito familiar, non deixa de ser unha escenificación do resultado final derivado dos esforzos que realizan as familias. É obvia a súa importancia en termos de satisfacción familiar o feito de ver aos seus fillos culminar a súa formación universitaria o que implica que as instancias universitarias deberían favorecer a asistencia e implicación dos familiares a estes actos.

Tendo en conta o anteriormente exposto suxírese que por parte de todos se fagan os esforzos oportunos para tratar de harmonizar estas dúas perspectivas.”

Faise extensiva a anterior suxestión á queixa que nos ocupa *recomendando que se fagan os esforzos necesarios para levar a efecto a suxestión que se fixo con data 04/12/2014 de “harmonizar as dúas perspectivas”*.

Q 1503/01

Foi presentado un escrito de queixa por unha membro do Persoal de Administración e Servizos en relación coa demora na resposta a unha solicitude de revisión do cómputo traballado na USC.

O informe da Xerencia aclara a situación contractual da traballadora e o tempo traballado e indica:

.../Con respecto á petición de información remitida á Xerencia pola traballadora con data 3 de febreiro de 2015, cando xa se lle tiña comunicado a prórroga, achegamos unha copia do escrito de resposta que lle foi remitido con data 6 de abril de 2015.

Polo que se refire ao novo escrito remitido á Xerencia pola traballadora con data 19 de marzo de 2015, no que reitera a petición formulada anteriormente e solicita a expedición dunha certificación na que consten os contratos que mantivo coa USC e a súa duración, déuselle resposta con data 23 de marzo de 2015.

Q 1503/02

Queixa presentada por un alumno e referida ao proceso seguido pola UXA para a anulación de oficio da matrícula nunha materia.

O informe solicitado á Secretaría Xeral da USC indica:

“1.- Nos plans de estudo dese Grao establécense os seguintes prerequisites:

Prácticum I: ter superado 48 ECTS do primeiro curso.

Prácticum II: ter superado 48 ECTS do segundo curso, incluído o Prácticum I.

Prácticum III: ter superado 48 ECTS do terceiro curso, incluído o Prácticum II.

2.- A UXA, unha vez rematado o prazo de modificación de matrícula do 2º semestre (28 xaneiro - 9 febreiro 2015), procedeu a verificar que os alumnos matriculados en materias do 2º semestre, que teñen prerequisites, cumpren co establecido no plan de estudos correspondente. Unha vez feita esta verificación comprobamos que no Prácticum II do Grao dos 150 alumnos matriculados hai catro que non cumpren cos requisitos de ter superados 48 ECTS do 2º curso, entre eles o alumno que presenta a queixa por ter superados só 42 créditos de 2º curso, sendo necesario superar 48 ECTS.

3.- Á vista de que non cumpre os requisitos, dende a USC se procedeu con data 02/03/2015 a outorgar trámite de audiencia para que presentara as alegacións que estimase oportunas en relación anulación de oficio da matrícula na materia, por non cumprir cos requisitos establecidos no plan de estudos. Con data 17/03/2015 o alumno presenta as alegacións.

Con data do 10 de abril de 2015 se resolve, polo Servizo de Xestión Académica, a anulación da materia e a devolución dos prezos públicos abonados.

A resolución se adopta por non cumprir os requisitos establecidos no plan de estudos, porque se lle denegou a outros alumnos na mesma situación e porque o feito de iniciar as prácticas non determina o cumprimento dos requisitos.

Tamén se analizou a posibilidade de ter como referencia para o cumprimento de requisitos o período correspondente á segunda oportunidade, pero tal consideración non é posible xa que os requisitos deben de cumprirse nos períodos ordinario de matrícula.

4.- Para evitar no futuro estas incidencias, se fixeron as seguintes actuacións:

- Dado que o control informático desta materia fallou, se solicitou a ATIC os motivos do erróneo funcionamento do control informático que impida que alumnos que non cumpren os requisitos se poidan matricular.
- Se solicitou a Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa e ao Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica que na ficha da materia se indicasen as limitacións de matrícula (ter superados 48 ECTS do segundo curso)”

Q 1503/03

Queixa presentada en relación á publicidade da “*Convocatoria das probas para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral*” e co procedemento establecido na mesma.

No proceso que motiva a queixa a presentadora indica ter dirixido un escrito análogo á Reitoría da USC polo que se solicita información, comunicando a Secretaría Xeral:

“.../procede indicar que non consta na USC nin queixa nin impugnación formal contra a convocatoria de Probas para maiores de 40 anos. O único que consta é un correo electrónico enviado á Secretaría do Reitor, solicitando unha entrevista a este órgano e acompañado dun documento en pdf cun texto semellante ao reproducido na queixa.

En consecuencia non haberá contestación ata que se presente formalmente algunha impugnación ou queixa.”

Q 1503/04

Presentados escritos de queixa por membros do Persoal de Administración e Servizos da USC, en relación co proceso selectivo de Técnicos de Investigación e en concreto coa non valoración do desempeño de funcións nunha categoría que consideran equivalente: Oficiais de Laboratorio.

No informe solicitado ao respecto á Xerencia indícase:

Esas reclamacións se lle enviaron ao tribunal designado para xulgar as probas selectivas, e que se está pendente da contestación técnica que teñen que emitir.

En canto a alusión que estas traballadoras fan respecto a suposta valoración que outro tribunal, designado para resolver outro proceso selectivo diferente fixo sobre este mesmo tema, habería que analizar se os casos son idénticos, pois pode haber particularidades que motiven unha distinta interpretación. Aínda que fosen idénticos, debe subliñarse que as actuacións dos tribunais son independentes e non son en absoluto vinculantes.

Neste momento ningún dos dous procedementos aludidos concluíron, si as interpretacións dos méritos son diferentes, os dous tribunais facendo uso da discrecionalidade técnica de que os inviste a convocatoria, e a abundante xurisprudencia existente, terán que argumentar as súas decisións, dado que as bases das dúas convocatorias teñen a mesma redacción. Logo diso, no caso de existir reclamacións ou demandas, se verificará se as actuacións se axustan a dereito.

A convocatoria é a lei do proceso selectivo e vincula á administración, ao tribunal e a quen participa no proceso, de aí que é nese momento e non noutro cando, se os participantes consideran que lesiona os seus intereses, teñen que recorrer contra as bases da convocatoria.

A convocatoria non foi impugnada por estas dúas persoas que agora presentan a queixa, o tribunal non contestou aínda as reclamacións presentadas e non se sabe en que sentido as van contestar.

A base 5.5, establece: "Logo da convocatoria do/a presidente/a, constituirase o tribunal, coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes. Na dita sesión, o tribunal acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento das probas selectivas".

A 5.7, establece: "Dentro da fase da oposición o tribunal resolverá todas as dúbidas que puideren xurdir na aplicación destas normas, así como o que deberá facer nos casos non previstos".

Q 1503/05

Foi presentado un escrito de queixa por un estudante de Grao en relación coa existencia de acreditación dun nivel B1 de coñecemento nunha lingua estranxeira como requisito imprescindible para a obtención do título. No escrito expón:

.../La información suministrada en dicho enlace hacía, y hace, referencia al plan de estudios y contiene tres enlaces sobre profesorado, el plan de estudios publicado en el BOE y la Memoria del título. En ninguno de los dos últimos enlaces, especialmente en la memoria, se refleja la obligatoriedad de tener que superar un nivel B1 de un idioma extranjero para obtener el Título de Grado.

Es cierto que, tras iniciar los estudios y ser informado por algún profesor sobre ello, he encontrado en la web apartados de normativa que reflejan dicha obligatoriedad, pero, teniendo en cuenta que es un requisito no general (en otras universidades como la de A Coruña no existe) creo que la información ofrecida por la USC a los futuros estudiantes del Grado es engañosa e incompleta pues no refleja claramente ni en la página inicial de información sobre el Grado ni, especialmente, en la memoria correspondiente el requisito indicado para poder obtener el Título.

Esta ausencia de información sobre el requisito se subsana solamente tras la matrícula por la información de profesores o al consultar el expediente en la secretaría virtual. Pero, evidentemente, cuando ya no hay posibilidad de escoger otra universidad donde no haya esta obligatoriedad de idioma extranjero.../

Admitida a queixa a trámite recadouse información ao respecto, constatando que se tiña formulado con anterioridade unha queixa análoga na súa fundamentación xeral, dirixida ao Valedor do Pobo e ao Defensor del Pueblo dando como resultado o seguinte:

- O Defensor del Pueblo entre outras cuestións indica que “...esta institución es conocedora de que muchas universidades han decidido extender la exigencia del nivel de la lengua extranjera a titulaciones para las que no hay una normativa nacional que así lo requiera, sin que ello suponga infracción legal revisable por el Defensor del Pueblo”.
- O Valedor do Pobo admitiu a queixa a trámite efectuando unha recomendación á Universidade de Santiago de Compostela. No escrito de resposta a dita recomendación, a USC manifesta discrepancias con distintos criterios formulados polo Valedor e non acepta a mesma, máis adquire o seguinte compromiso:

“.../ Non obstante o anterior, a USC mellorará a información das Memorias para que esta cuestión quede totalmente clarificada e non dea lugar a ningún tipo de interpretación”.

Así pois, non parece oportuno que sexa o Valedor da Comunidade Universitaria quen dirima tal disparidade de criterios; máis cabe salientar que se ten corroborado que:

- No curso 2014/2015 son poucas as Memorias dos Títulos de Grao que recollen explicitamente a esixencia de acreditación dun nivel B1 de coñecemento nunha lingua estranxeira como requisito imprescindible para a obtención do título.
- A información que sobre a esixencia dese requisito facilita a USC é máis ben exígua, non existindo practicamente referencias á mesma na web da USC ou de selo caso, de difícil acceso para o estudantado.

Aínda que a esixencia estea regulamentada e aprobada en Consello de Goberno, non parece suficiente a difusión da mesma.

Por iso recomendo:

- *Que se implementen os procedementos adecuados para que se faga efectivo o compromiso adquirido no escrito enviado ao Valedor do Pobo con data 21/10/2013 co fin de que se mellore a información nas Memorias dos Graos.*
- *Que se reforce a comunicación na web da USC ao estudantado de dita obrigatoriedade dando maior visibilidade e facilidade de acceso á mesma, tanto na información xeral que se facilita ao futuro estudantado como na particular de cada un dos Graos que se ofertan na USC.*

Con posterioridade a Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación comunica ter efectuado cambios na web institucional da USC para dar máis visibilidade ao requisito obxecto da queixa.

Q 1504/01

Dende esta Institución estíbese a apreciar, dun tempo a esta parte, a través de distintas consultas formuladas e mesmo queixas presentadas, que se poden estar a producir disfuncións que afectan á Área de

Xestión Académica, en concreto no proceso de matrícula de alumnos de intercambio e falla de coordinación con outros servizos da USC: UXAS/Oficina de Relacións Exteriores.

Ao mesmo tempo obsérvase que o procedemento non parece o máis adecuado noutros aspectos, por exemplo: revisión das matrículas con demasiado retraso ou que a aplicación informática non ten en conta requisitos de matrícula esixidos pola USC.

Por iso, conforme ao establecido no art. 10.1 do Estatuto do Valedor *iniciouse unha actuación de oficio, poñéndoo os feitos en coñecemento da Secretaría Xeral ao obxecto de que se analicen as circunstancias descritas.*

Q 1504/02

Tense recibido un escrito relativo ao non pagamento duns gastos de manutención, no que expoñía:

Pertenzo ao persoal PDI da Universidade. Fai uns días asistín a unhas conferencias nos Pirineos e a viaxe de volta fíxena en bus (saída do pobo dos Pirineos ás 6:30 da mañá) ata Zaragoza, e de alí collín un tren con saída as 11:28 e chegada estimada a Santiago de Compostela ás 21:55. Como a hora de chegada estimada do tren (a que figura no billete) é inferior ás 22:00 en asuntos económicos non me querer abonar a dieta do día completo. Alego que, se collera un taxi á miña casa (que vivo a 20 minutos andando da estación do tren) a Universidade ademais de pagarme o taxi pagaríame a dieta do día completo, é dicir, tería que pagar máis do que estou a solicitar, que simplemente é que me paguen a cea de ese día.

En relación co tema obxecto do seu escrito comunícolle que na USC aplícase o *Real Decreto 462/2002, de 24 de mayo, sobre indemnizaciones por razón del servicio* (http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2002-10337), que indica ao respecto:

Artículo 12. Criterios para el devengo y cálculo de las dietas.

3. En las comisiones cuya duración sea superior a veinticuatro horas se tendrá en cuenta:

a) En el día de salida se podrán percibir gastos de alojamiento pero no gastos de manutención, salvo que la hora fijada para iniciar la comisión sea anterior a las catorce horas, en que se percibirá el 100 por 100 de dichos gastos, porcentaje que se reducirá al 50 por 100 cuando dicha hora de salida sea posterior a las catorce horas pero anterior a las veintidós horas.

b) En el día de regreso no se podrán percibir gastos de alojamiento ni de manutención, salvo que la hora fijada para concluir la comisión sea posterior a las catorce horas, en cuyo caso se percibirá, con carácter general, únicamente el 50 por 100 de los gastos de manutención.

c) En los días intermedios entre los de salida y regreso se percibirán dietas al 100 por 100.

4. En los casos excepcionales, dentro de los supuestos a que se refieren los apartados anteriores, en que la hora de regreso de la comisión de servicio sea posterior a las veintidós horas, y por ello obligue a realizar la cena fuera de la residencia habitual, se hará constar en la Orden de comisión, abonándose adicionalmente el importe, en un 50 por 100, de la correspondiente dieta de manutención, previa justificación con factura o recibo del correspondiente establecimiento.

Á vista do anterior a USC estalle a aplicar o que establece a citada normativa. Debe ter en conta que para que se puidera producir o pagamento da dieta ademais “*de que a hora de regreso da comisión de servizo sexa posterior ás 22:00 horas*” tería que aportar “*xustificación con factura ou recibo do correspondente establecemento*” da cea fora da residencia habitual.

Así pois, consideramos que a USC non está a conculcar ningún dos seus dereitos polo que non se admite a trámite a queixa.

Q 1504/03

Foi recibido un escrito no que fai un relatorio de consideracións sobre o proceso de avaliación nunha materia dun Grao que se poden resumir nos seguintes aspectos:

- 1º.- Que tendo recoñecida unha discapacidade, non se lle aplicou un axuste razoable no desenvolvemento da proba, basicamente un pequeno incremento do tempo do exame.
- 2º.- Que publicadas as cualificacións da materia, non se publicou revisión algunha na aula virtual.
- 3º.- Que enviou un correo-e á profesora encargada da docencia da materia solicitándolle copia do exame sen que obtivera resposta e entende que ten dereito á copia do mesmo.

Formula tamén no seu escrito unha solicitude de axuste razoable por discapacidade (en relación co apartado 1º) e a remisión por vía electrónica da copia do exame e das solucións (apartado 3º).

En relación co exposto, indícaselle en primeiro lugar, que non é competencia deste Valedor a resolución das solicitudes que formula, e clarifícase que a actuación da USC en relación cos aspectos expostos é a seguinte:

1º.- O SEPIU ten un *Programa de apoio ás persoas con necesidades educativas específicas*, que “teñen por obxectivo conseguir que estes teñan garantida a plena integración na USC en igualdade de condicións. Dependendo das necesidades de cada estudante e segundo a súa diversidade a USC ofrécelle os apoios necesarios.” Debe ter en conta que eses apoios deben ser solicitados polo alumno para cada materia ou na amplitude que se acorde co SEPIU. Polo que lle recomendamos que contacte con ese servizo novamente:
<http://www.usc.es/gl/servizos/sepiu/sc103/apoiodiscapac.html>

2º.- A Normativa de avaliación e de revisión de cualificacións indica:

Artigo 7. Comunicación de resultados da avaliación.

2. A notificación das cualificacións finais provisionais de cada materia realizarase mediante a publicación dunha lista coa cualificación de cada estudante. Os profesores informarán no momento da realización do exame da data aproximada de publicación dos resultados.

.../ Así mesmo, no caso de estar operativo un procedemento para enviar aos alumnos información sobre as cualificacións provisionais das materias en que estean matriculados, e a data de revisión de exames a través de teléfonos móbiles, os profesores deberán autorizar a dita comunicación no momento de publicar as cualificacións provisionais, mediante as canles técnicas que se establezan.

3º.- A USC entende que se inicia o expediente administrativo que da lugar ao dereito á obtención da copia do exame no procedemento que establece o *Artigo 9. Reclamación das cualificacións* da Normativa de Avaliación:

<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/resavarenacaestrevcua11.pdf>

Polo que o procedemento empregado polo alumno non foi o adecuado.

Por iso, entendendo que do manifestado no escrito non se aprecia que se teña conculcado ningún dereito, non procede admitir a trámite o mesmo como unha queixa.

Q 1504/04

Foron presentados escritos de queixa por unha integrante do PDI e unha estudante da USC en relación coa representación dun espectáculo no Paraninfo da Universidade.

Non son admitidos a trámite ao entender que o solicitado nos mesmos:

“Desearía que, si es posible, hiciera llegar mi queja a quien competa y mi petición de que retirasen dicho espectáculo; si no es posible, que se efectúe la consiguiente rectificación y se exprese el compromiso de no volver a dar cobijo bajo cualquier medio a este tipo de iniciativas.”

non se encontra dentro das competencias do Valedor da Comunidade Universitaria.

No entanto *dáse traslado do escrito á Vicerreitoría de Estudiantes, Cultura e Responsabilidade Social da USC aos efectos que consideren oportunos.*

Q 1505/01

Recibiuse nesta Institución un escrito presentado por unha alumna no que se manifesta:

O motivo deste escrito é para presentar unha queixa ante o Valedor da Comunidade Universitaria en relación á non concesión da mención de “Matrícula de Honra” no Proxecto Fin de Carreira nuns estudos de Grao na USC.

Infórmasele que non pode ser admitido a trámite como unha queixa ao entender que do expresado no mesmo non se pon de manifesto que se teña conculcado algún dereito ou liberdade dalgún membro da comunidade universitaria, pois a concesión ou non da mención de “Matrícula de Honra” ten carácter potestativo e non obrigatorio, como ben se recolle nas normativas:

- Normas de Xestión Académica da USC:
Art. 17.1 Cualificación
Poderase conceder a mención de “Matrícula de Honra” a alumnos que obtiveran a cualificación igual ou superior a 9.0,.../”
- E na Resolución Reitoral de 13/10/1998 que regulamenta os proxectos fin de carreira:
QUINTO.- Cualificacións.
Os alumnos poderán ser cualificados conforme ás seguintes cualificacións e mencións: suspenso, aprobado, notable, sobresaliente, matrícula de honra.
O tribunal poderá outorgar unha matrícula de honra por cada 10 alumnos ou fracción que en cada convocatoria presenten o traballo ou proxecto.

No entanto, *dáse traslado do escrito á Dirección do Centro*, para que teñan coñecemento do expresado no mesmo, e en concreto sobre os posibles prexuízos que pode ocasionar ao estudantado da USC a non concesión de *matrículas de honra* respecto ao estudantado doutras universidades.

Q 1505/02

Queixa presentada por unha alumna pola diferenciación na prestación de servizos entre o Campus de Santiago e de Lugo e en concreto sobre a información que se publica das actividades realizadas pola Área de Orientación Laboral no Campus de Lugo.

Dende a Vicerreitoría de Estudiantes Cultura e Responsabilidade Social informan ter respostado á súa queixa mediante comunicación explicativa do Sr. Coordinador da Área de Orientación Laboral e Emprego no que expón:

- Dende este servizo publícase todo o que teña que ver coa actividade que lle é inherente, sempre e cando o propio servizo teña acceso á mesma.
- Non podemos estar de acordo coas súas manifestacións en canto ao distinto trato da información entre o campus de Santiago e ao de Lugo, posto que non se corresponde coa realidade.
- A maior abundamento sobre o manifestado máis arriba, e en proba do mesmo, é suficiente repasar a nosa páxina web, na que se atopan tódalas publicacións que institucionalmente vencellan este servizo público coa administración universitaria, ou os procesos que por imperativo legal son de aplicación.
- En canto ás redes sociais ou ao xornal, rogaríalle que repase o noso Facebook, e constate os distintos eventos, ofertas, charlas, etc publicados no último trimestre no que se pode ver todo o referente ao campus de Lugo.

Por último, reseñar que na tarefa habitual da prestación do servizo público no que estamos a traballar, pretendemos día a día cumprir co noso cometido para que os usuarios dispoñan de tódalas ferramentas e publicidade para facer uso do mesmo, aínda que somos conscientes de que non podemos abarcar todo o que na actualidade se oferta e se publica.

Q 1505/03

Queixa iniciada de oficio porque un dos motivos importante de consulta e mesmo de queixa nesta institución do Valedor da Comunidade Universitaria relaciónase con aspectos que teñen que ver coa avaliación das materias (sistema, criterios...). A obrigatoriedade de que na Guía Docente se concreten estas cuestións aparece recollida na “*Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*”, no seu artigo 1 apartado 3, letra g. aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011.

Os vixentes “Estatutos” da USC, no seu artigo 106 apartado b, establecen que lle corresponde aos Departamentos:

“A planificación docente das materias das que sexa responsable o departamento, así como a aprobación dos respectivos programas e sistemas de avaliación, a coordinación da actividade docente e a supervisión do seu cumprimento en colaboración cos centros, nos termos establecidos no artigo 49, alínea a), dos presentes Estatutos.”

Por outro lado, a “*Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*”, aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011, no seu artigo 1 apartado 3 establece:

“Os departamentos teñen a obriga de garantir para cada materia unha programación docente ou guía docente, que deberá especificar:

- g) Criterios e sistemas de avaliación (tipo e número de probas, traballos que se presentarán coas posibles datas de entrega, de ser o caso, controis periódicos, etc.).”

Por iso, na procura da mellora dos diferentes procesos que se desenvolven na USC, no momento en que estaba aberto o prazo para facer modificacións nas guías docentes das materias no curso 2015/2016 *demandouse a colaboración dos Decanos e Directores de Departamento recomendando que en virtude das súas competencias adoptaran as medidas que estimaran oportunas para facer efectivo ese labor de supervisión e aprobación das guías docentes, singularmente no referido á máxima concreción do sistema de avaliación e criterios que se empregarán nas distintas materias.*

Q 1505/04

Foi presentado un escrito de queixa asinado por 192 doutorandos da USC que se consideran afectados e prexudicados pola *Resolución Reitoral de 28/04/2015, sobre a tramitación de teses de doutoramento conforme a anteriores ordenacións ao RD 99/2011*, en concreto no referido á modificación de prazos para o depósito e defensa das teses.

Dáse traslado á Secretaría Xeral da USC, comunicando con posterioridade a modificación da normativa.

Q 1505/05

Foi presentado un escrito de queixa por un membro da Comunidade Universitaria da USC en relación co incumprimento do réxime de incompatibilidades por parte dun profesor que está a simultanear a actividade docente a tempo completo con actividades profesionais privadas.

Trasládase a queixa á Vicerreitoría de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador. Con posterioridade comunican a iniciación dunha información reservada en relación co tema obxecto da queixa.

Q 1505/06

Escrito de queixa presentado por unha integrante do PDI en relación coa retención de remanentes de tesourería nun grupo de investigación.

A Xerencia envía un informe explicativo no que entre outras cuestións se indica:

Nas partidas nas que constan como titulares, tanto a reclamante como outro docente, o remanente foi incorporado na súa integridade.

Como é coñecido no ámbito universitario, o exercicio económico 2011 tivo que facer fronte a un compromiso incumplido de financiamento de 5 millóns de euros o que esixiu axustar os remanentes ás posibilidades reais de orzamentación respectando para elo os remanentes de actividades finalistas e axustar os remanentes no resto de actividades non finalistas.

O remanente que se incorpora no exercicio 2011 relativo aos departamentos é o 25% do crédito definitivo a fin de exercicio 2010. Se analizamos a execución do departamento nos exercicios 2010 e 2011, vese o seguinte:

.../

De acordo co criterio de aplicar o 25% do remanente, no exercicio 2011 se incorporan 65.182,93

A imposibilidade de financiar o orzamento no 2011 non supuxo o bloqueo de contías e compromiso a futuros, simplemente non se podía financiar máis do que se financiou e como é de todos coñecido os orzamentos posteriores non puideron ser aprobados e en consecuencia o orzamento dos exercicios seguintes foron prorrogados e tamén necesarios de axustes pola situación financeira pola que está a atravesar a USC que afecta a toda a actividade da nosa institución.”

Q 1506/01

Foi presentado un escrito de queixa por un usuario do servizo da Piscina Universitaria en relación co que considera un desempeño inadecuado do seu traballo por parte de persoal destinado nesas instalacións.

O Sr. director do Servizo de Deportes da USC achega:

- Informe elaborado polo Servizo de Deportes sobre o incidente producido na piscina universitaria, que motivou a queixa presentada.

- Resposta emitida polo Servizo de Deportes aos correos electrónicos, dirixidos á Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social e ao Servizo de Deportes, polo presentador da queixa.

E informa das seguintes medidas adoptadas e doutras previstas con anterioridade que gardan relación co asunto que nos ocupa:

- Completar a "alta de usuario" e a inscrición no curso de por parte do persoal administrativo da Oficina do Servizo, persoal que está habilitado para esa función, nada máis ter coñecemento da incidencia administrativa.
- Realizar de oficio a devolución do importe da alta de usuario pagada por duplicado cando tentaba realizala por internet e se produzo o fallo do sistema informático.
- Enviar aos OFIS do Servizo de Deportes aos cursos de "HABILIDADES COMUNICATIVAS NA ATENCIÓN AO PÚBLICO", dentro das actividades formativas previstas para o persoal co fin de poñer ao día a formación recibida no seu momento e como xa estaba planificado para este ano.
- Renovar a aplicación informática deste Servizo para dotalo dunha ferramenta máis axeitada as súas necesidades presentes. Estanse a dar pasos neste sentido dende a incorporación do Equipo Reitoral actual.

Q 1506/02

Queixa motivada pola non concesión da acreditación da Mención Europea na admisión a trámite dunha tese.

O informe xustificativo do Sr. director da Escola de Doutoramento Internacional, indica:

“Respecto da reclamación presentada sobre a non concesión de Mención Europea ao título de Doutor por parte da Comisión de Doutoramento tendo en conta o establecido no artigo 62.a) do regulamento de estudos de terceiro ciclo da USC que indica que:

"Durante o período necesario para a obtención do título de doutor o doutorando teña realizado una estancia mínima de tres meses fora de España nunha institución de ensino superior ou centro de

investigación dun Estado membro da Unión Europea, cursando estudos ou realizando traballos de investigación recoñecidos pola USC"

O certificado que aporta a interesada da súa estancia na Universidade estranxeira indica que os traballos realizados foron no ámbito da súa actividade docente e non como parte da súa tese de doutoramento"

Q 1506/03

Queixa presentada por unha alumna referida á aplicación dos criterios de avaliación e o proceso de revisión de cualificacións nunha materia

Solicitouse informe ao Sr. decano da Facultade, remitindo o elaborado polo Coordinador e Director do Departamento no que expón:

"Yo soy coordinador de la asignatura por oficio debido a que soy director del departamento y no hay ningún profesor funcionario que imparta docencia en esta asignatura, por lo que me hago cargo de su coordinación. La docencia es impartida por profesores asociados.

Una vez realizado el examen y obtenido las puntuaciones de los alumnos, el día de la revisión estábamos en la misma yo, como coordinador, el profesor ... y el profesor ...

Fuimos exponiendo las notas de los exámenes, revisando los mismos, y dando las calificaciones. No hicimos decimales pero todos los alumnos que tenían a su calificación sumado 0,5 puntos, se le dio la nota superior.

La alumna que hace la reclamación puso en duda la corrección del test del examen, el cual se lleva a cabo con una máquina correctora que iguala a todos los alumnos. Por lo tanto su nota es la que le hemos dado.

En cuanto a la queja por el trato de uno de los profesores, lo único que yo observé y comprobé es que había una divergencia entre ellos en cuanto al número de respuestas negativas que disminuían la nota. En ningún momento se le faltó al respeto. De todas formas la alumna presentó una actitud nerviosa y de confrontación con los profesores presentes."

Q 1506/04

Foron presentados dous escritos de queixa por estudantes de Grao en relación co que consideran incumprimento do sistema de avaliación establecido na programación dunha materia.

Solicitouse un informe ao Sr. decano da Facultade, remitindo o elaborado polo Coordinador e Director do Departamento no que expón:

"De entrada yo no soy el coordinador de la asignatura, únicamente asumí la función para ayudar en su trabajo al profesor. De todas formas la responsabilidad de la misma la mantuve yo siempre.

Durante la recepción de las calificaciones enviadas por los profesores, comprobamos que la inmensa mayoría de los estudiantes tenían calificaciones de Sobresaliente 10. Es por esto que me pareció oportuno poner como Apto, lo cual a todos los estudiantes.

El test propuesto y hecho el día del examen intentaba medir la madurez de los estudiantes de 5º, y además era el que les iba a otorgar la calificación final.

En cuanto a que la nota de la materia iba a ser parte de la nota final es absolutamente mentira..., y los alumnos con buenas calificaciones en ambas disciplinas fueron tenidos en cuenta a la hora de calificar la Práctica.

Quiero manifestar los malos modos de algunos alumnos con respecto al tratamiento dado a los profesores durante la revisión de los exámenes.”

Q 1506/05

Presentado un escrito por unha doutoranda e bolsaira FPI da convocatoria 2012, en relación co procedemento seguido na aplicación da exención do pagamento dos prezos públicos de matrícula.

O Sr. director da Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo informou:

Esta sección nas comunicacións mantidas por correo electrónico con esta alumna, seguiu as indicacións da Sección de Bolsas da USC, que xestiona as compensacións que recibe a Universidade do Ministerio dos alumnos beneficiarios das mesmas e que nas convocatorias anteriores ao ano 2013, tiñan dereito de exención de prezos públicos de tutela académica nos dous cursos nos que un alumno estaba no período de bolsa no curso académico correspondente.

Os alumnos beneficiarios da bolsa FPI e que están adscritos a outros centros de investigación alleos á universidade e que formalizaron matrícula na universidade deberían indicar esa condición en cada curso académico no que cumprirían ese requisito de exención.

No caso concreto, non consta que a alumna marcara a exención de beneficiaria de FPI no curso académico 2012-2013 nin que solicitara a exención para ese curso académico. Si consta no curso 13-14 un pedimento de aplicar a exención e posteriormente a acreditación da mesma, polo que si foi aplicada a exención na tutela académica.

É certo que a alumna, con posterioridade indicou esa circunstancia e en varias ocasións consultamos na Sección de Bolsas da USC sobre a posibilidade de aplicar a exención para o curso 12-13, e se nos indicou que non procedía, porque non se indicou no momento que procedía por parte da alumna e a Universidade non podería solicitar a compensación pertinente.

Q 1506/06

Foi presentado un escrito de queixa por unha PAS, auxiliar administrativa do grupo C2, en relación co procedemento de xestións das “Listaxes de espera para cobertura temporal de postos de PAS”.

O informe da Xerencia, remitido tamén á interesada, indicaba:

- 1.- A Universidade de Santiago ten definido na súa Relación de postos de traballo de persoal funcionario, postos que son susceptibles de ser ocupados por persoal dos subgrupos C1 ou C2, é dicir da escala administrativa ou auxiliar.
- 2.- Os nomeamentos de funcionarios interinos realízanse con persoal procedente das listaxes de espera derivadas dos correspondentes procesos selectivos.
- 3.- Os criterios de xestión de listaxes de espera asinados o día 7 de abril de 2008 establecen o seguinte, no seu punto" II. CONSTITUCIÓN DE LISTAXES DE ESPERA"

"Nas distintas convocatorias de oposición pola quenda de acceso libre, procederáse de haber candidatos válidos, a constitución dunha listaxe única de espera para a cobertura temporal de prazas da categoría convocada. A listaxe constará de tres partes: .

Traballadores con opción a cobertura de postos de traballo no Campus de Compostela. Traballadores con opción a cobertura de postos de traballo no Campus de Lugo Traballadores con opción a cobertura de postos de traballo en ambos os dous Campus"

O matiz "listaxe única" refírese a que a listaxe de oposición consta de tres partes tal como se indica no parágrafo anterior, non de tres listaxes como se puidera pensar á vista das posibilidades que teñen os/as aspirantes de optar Campus.

Os criterios de xestión tamén prevén a posibilidade de elaborar listaxes complementarias da anterior cando se dean os seguintes supostos:

"En caso de necesidades de cobertura de postos para os que non existan listaxes de espera, ou no suposto de que as existentes estean esgotadas ou próximas a esgotarse, a USC poderá proceder a realizar convocatorias específicas de selección para a constitución de listaxes de espera, ben a través de convocatoria pública ou mediante oferta ao Servizo Galego de Colocación.

A orde de prevalencia das listaxes será a seguinte:

- a) Serán sempre preferentes as listaxes de espera derivadas de oposición.
- b) Listaxes complementarias ás anteriores, que se poden organizar en cada Campus, para a cobertura de postos de traballo. A prelación destas listaxes estará en función da súa data de elaboración, dando prioridade ás máis antigas."

4.- Cuestión distinta é a que vostede suscita, pois na escala auxiliar coexisten dúas listaxes diferentes: unha xeral e unha específica. Esta última utilízase para cubrir aqueles postos da escala auxiliar que figuran na Relación de postos de traballo (RPT) cun perfil de idiomas e mesmo reforza esta singularidade o feito de que o complemento específico é superior ao do resto.

5.- No Consello de Goberno de febreiro de 2010, apróbase a creación destes postos con requisito de idiomas, e en ausencia de listaxes destas características, convócase por resolución do 21 de outubro de 2010 un proceso selectivo para elaborar unha listaxe de espera que permita cubrir temporalmente os postos coa maior inmediatez. Nel, establécese un contido do programa e das probas selectivas orientadas aos postos a cubrir, dando lugar a unha nova listaxe de espera, diferente da xeral. Polo tanto, neste suposto non cabe falar de prevalencia da listaxe derivada da oposición.

Esta e non outra, foi a razón de que se procedera a elaboración dunha nova listaxe da escala auxiliar con requisito de idiomas, e de aí tamén a coexistencia de listaxes, feito que se da tamén noutras escalas/categorías, nas que como é o caso existe un requisito que as diferencia.

6.- O anuncio desta convocatoria foi publicado o 24/10/10; nos xornais: La Voz de Galicia, El Correo Gallego e El Progreso e as súas bases publicáronse na Reitoría, na Casa da Balconada, no edificio de Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo e na web:

<http://www1.usc.es/webpas/SPAS/Funcionarios/ListasSubstituciones.htm>, polo que non responde á realidade dos feitos, a súa aseveración de que non tivo a necesaria publicidade.

7.- As listaxes non son intercambiáveis xa que os requisitos de acceso son distintos de acordo coas bases das respectivas convocatorias, e utilízalas indistintamente vulneraría os principios de igualdade que preside o acceso á Función Pública, dado que as bases das convocatorias e os criterios cos que se elaboraron as listaxes non recollen esta posibilidade e vinculan a todas as partes por igual.

Aceptar o que vostede propón supoñería que calquera persoa puidera ir sumando a posteriori méritos ou requisitos que non se esixían cando se elaborou a listaxe e que incluso poderían non posuír no momento da súa elaboración.

Cousa distinta, e así está acreditado, é que hai persoas que figuran nas dúas listaxes, pois participaron no proceso selectivo convocado para a escala auxiliar con requisito de idiomas, e a elas ofertáronselle nomeamentos dunha o outra listaxe cando así lle correspondía pola estrita orde de cada unha delas, pero en ningún caso saltando a orde como vostede sinala.

8.- Para concluír, comunícolle que pese a existencia dunha listaxe relativamente ampla ningunha persoa aceptou o nomeamento que se lle propoñía para substituír a unha traballadora no servizo de Lugo, quedando rapidamente esgotada a listaxe da escala auxiliar co requisito de idiomas.

Tendo en conta o período estacional no que estamos, a complexidade e o tempo necesario para realizar unha nova selección e sendo necesaria a prestación do servizo básico no servizo de Lugo, a Xerencia autorizou un apoio fóra de plantilla nomeando temporalmente á persoa procedente da listaxe xeral que por orde lle correspondía.

Q 1506/07

Queixa presentada por un alumno dun Grao referida aos criterios de avaliación aplicados na segunda oportunidade dunha materia

O informe do Sr. vicedecano da Facultade indica:

1. Efectivamente, tal e como queda establecida a avaliación na Guía docente da materia que se entrega o primeiro día de curso e que está a disposición do alumnado na aula virtual, esta consta dos seguintes elementos a avaliar coas súas respectivas porcentaxes na nota final:

"-Un examen final sobre el temario. Supondrá un máximo del 40 por ciento de la nota final.

- Evaluación del trabajo tutelado. Supondrá un máximo del 40 por ciento de la nota final

- Exposición en seminario del trabajo tutelado. Supondrá un máximo del 20 por ciento de la nota final

Para superar la materia el/la alumno/a debe alcanzar como mínimo un 50% con la suma de 1, 2 y 3".

2. Así mesmo, para a realización e entrega do traballo titorizado, a mesma Guía docente establece distintas datas importantes.

3. O traballo so ten unha data de entrega que é diferente sempre ás dúas datas oficiais de exames. Dende o principio do curso o alumnado coñece que so se considera unha data de entrega e, polo tanto, o traballo só se avalía nunha ocasión. A profesora insiste neste feito cando explica o sistema de avaliación en clase.

4. O peso dos distintos ítems na avaliación final ven aplicándose dende hai polo menos 2 cursos sen obxección nin por parte do Departamento responsable do encargo docente nin da Facultade na que se imparte a materia.

5. A profesora non recibiu ningún comentario ou queixa durante o curso sobre o sistema de avaliación que se coñece, como dixemos, dende o primeiro día.

6. Considérase que o traballo é un único exercicio que se desenvolve durante o curso académico. O alumnado posúe información e mecanismos suficientes para a entrega do traballo con garantías de avaliación positiva: a) Nas dúas sesións de seminarios tituladas metodolóxicas, a profesora explica os criterios de elaboración do traballo. Así mesmo, se comenta a ficha de corrección que se vai a aplicar na avaliación do mesmo e os criterios alí establecidos, b) a exposición do traballo por parte do alumnado en clase supón unha avaliación parcial do mesmo. Estas sesións realízanse cun dobre obxectivo, por un lado, que o alumnado faga unha presentación de cómo está evolucionado o seu propio traballo -así, a profesora poder corrixir erros de plantexamento, metodolóxicos ou de argumentación do mesmo-, e, por outro lado, que o alumnado, a partir da exposicións doutros traballos e os comentarios da docente sobre os mesmos sexan

conscientes dos criterios a seguir na súa elaboración; c) O alumnado pode atender as titorías individuais coa profesora.

7. A práctica de optar a unha nota limitada inferior aos 10 puntos na convocatoria extraordinaria, relacionada co traballo desenvolvido polo alumnado ao longo do curso e o rendemento na convocatoria ordinaria, é unha praxe aplicada (aceptada pola comunidade académica) en varias materias do centro que consideramos que, axeitadamente advertida, como é o caso, non contravén ningunha norma, e posibilita, en todo caso, a superación da materia.

Q 1506/08

Foi presentado un escrito de queixa por unha estudante en relación co procedemento seguido para a revisión das cualificacións nunha materia dunha titulación propia. No escrito expón:

Ante a imposibilidade, por motivos laborais, de ir á revisión da cualificación obtida na materia da titulación propia, fixada para o día 18/06/2015 ás 12:30 horas, e despois de comunicarllo por e-mail, no que lle solicitaba que me deran a posibilidade de ir nun horario distinto; a día de hoxe, e coas actas cerradas, sigo sen recibir comunicación ningunha por parte do Director e Secretario.

Á vista do manifestado no informe recibido do Sr. director do Instituto, é preciso indicar que a *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificación*: <http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/resavarenacaestrevcua11.pdf> recolle ao respecto:

Artigo 8. Revisión de cualificacións.

1. O alumnado terá dereito de acceso aos seus propios exercicios, e o dereito á revisión das cualificacións tanto parciais como finais na súa presenza, nas datas e horarios que para tal efecto se deberán fixar no momento de facer públicos os resultados provisorios.

2. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados. O prazo para a revisión non poderá ser inferior a tres días hábiles contados desde o día seguinte ao da data de publicación da lista. Procurarase que estas revisións se poidan levar a cabo en dúas datas opcionais e con horarios alternativos, e que sexan un instrumento útil para que o estudante poda percibir o seu nivel de coñecementos e carencias, tanto se resulta aprobado como suspenso. O director do centro garantirá que todo o alumnado que o desexe poida revisar o exame nas datas establecidas polo profesores.

Así pois, entendendo que a alumna presentadora da queixa non puido facer efectivo o seu dereito á revisión das cualificacións da materia da titulación propia como fai explícito no seu escrito de queixa, e tendo en conta que aparentemente só se estableceu unha data (18/06/2015 ás 12:30 horas) no proceso de revisión, *recomendo que se adopten as medidas necesarias para que, se a alumna o desexa, poida facer efectivo o seu dereito a revisión da cualificación concordando con ela unha data a tal efecto. E que faga as xestións oportunas para que o recollido no art. 8 da Normativa de Avaliación sexa tido en conta nos vindeiros procesos de avaliación e de revisión de cualificacións.*

Q 1506/09

Foi presentado un escrito de queixa por unha integrante do PDI en relación co procedemento de matrícula na escola de tenis polo Servizo de Deportes da USC.

O Sr. director do Servizo de Deportes da USC informa da situación unha vez aprobada a programación da escola de tenis para o curso deportivo 2015/16 e das actuacións adoptadas conducentes a solucionar os problemas manifestados na queixa:

- Introduciuse, con axuda da ATIC (Área de Tecnoloxías da Información e a Comunicación), unha mellora no sistema de matrícula, a través da páxina do Servizo de Deportes na web da USC, co fin de que as persoas que presentaron a folia de avaliación puidesen tamén realizar a matrícula vía internet sen necesidade de comparecer nas oficinas do Servizo.
- Estableceuse, unha vez revisados os prazos xerais de matrícula, modificar, entre outras, os prazos da escola de tenis, quedando estes como segue: o 1 de setembro abrírase o prazo para as persoas vinculadas coa USC (categoría A) e para as que teñan entregada a folia de avaliación. O 8 de setembro abrírase tamén para o resto das categorías B e C.
- Remitiuse un correo masivo, con data 22/07/2015, aos usuarios/as de dita escola comunicándolles os cambios e novidades respecto á información que lle adiantaron en xuño os monitores e enviándolles o novo calendario aprobado cos horarios dos grupos e as datas de inscrición.

Q 1506/10

Foron presentados dous escritos de queixa por estudantes dun Grao en relación co procedemento seguido no sistema de avaliación dunha materia, expoñendo contradicións entre o manifestado polos profesores e o programa docente da materia que figura na web.

O informe dos profesores da materia indica:

Durante todo el curso, hemos mantenido una relación constante y fluida con todos y cada uno de los Delegados de esta asignatura. De hecho, al iniciar la docencia de la misma, los profesores que impartimos docencia realizamos una reunión monográfica con todos ellos, con el objetivo de aclarar sus posibles dudas. A partir de esta reunión, han sido recibidos por los diferentes profesores, siempre que ellos lo han solicitado, tanto en los despachos como al iniciar o finalizar las clases diarias.

Es importante poner de relieve, que sólo 56 alumnos de los 305 que se presentaron al examen realizado el 3 de Junio de 2015, suspendieron la asignatura (18.4%). Llama la atención el hecho de que de estos 56 alumnos, 33 (58.9%) no asistieron a las clases, de acuerdo con los controles realizados.

Finalmente, hacerle saber que a lo largo del curso y hasta la realización del examen anteriormente mencionado, no se ha producido ninguna queja sobre esta asignatura ni a nivel del Coordinador de la misma, ni a nivel del Departamento ni a nivel de la Facultad.

Q 1507/01

Foi presentado un escrito por un estudante de Grao, en relación á extensión de horarios nas bibliotecas da USC coa finalidade de que titulados universitarios de distintas disciplinas poidan preparar probas selectivas externas á USC (MIR, EIR, FIR, BIR, QIR...).

Dito escrito non foi admitido a trámite como unha queixa ao entender que o expresado non pon de manifesto que se teña conculcado algún dereito ou liberdade dalgún membro da comunidade universitaria, no entanto, doulle traslado do mesmo á Vicerreitoría de Investigación e Innovación e á Dirección da Biblioteca Universitaria da USC por se consideran oportuno ter en conta as consideracións e suxestións manifestadas.

3.- CONCLUSIONES

Antes de presentar as conclusións quero deixar constancia do recoñecemento desta Institución ao grao de compromiso dos órganos de goberno e membros da comunidade universitaria aos que lles foi solicitada a súa colaboración. Como vén sendo a tónica habitual, máis alá do mandato normativo amosaron sempre unha completa dispoñibilidade.

No mes de outubro do pasado curso 2014-2015, produciuse a renovación dos membros da Comisión de Asesoramento e Axuda ao Valedor. Cómpre recoñecer tanto a dedicación e colaboración da e dos integrantes da anterior Comisión: Dona. Socorro Rodríguez Holguín e D. José Blanco Méndez, representantes do PDI; D. Manuel Pombo Garazo e D. Francisco Castro Alvaredo, representantes do PAS; D. Santiago Piñeiro Edreira e D. Emilio Froján Fernández, representantes do alumnado, así como dar a benvida e facer extensible o agradecemento aos novos membros pola súa dispoñibilidade, mesmo para asumir funcións extraordinarias, que exceden o disposto no estatuto do Valedor.

Tamén quixera agradecer á mesa do Claustro a súa sensibilidade para incluír o Informe como un punto da orde do día, normalizando a presentación anual deste informe ao Claustro, tal e como recolle o artigo 13 do Estatuto do Valedor sobre a súa periodicidade.

Un dos obxectivos desta Institución é que as accións emprendidas estean sempre presididas polo espírito de colaboración para solucionar ou mellorar os problemas e disfuncionalidades que se poidan detectar. Este é o sentido que debe presidir a lectura das intervencións desenvolvidas.

Na táboa que se presenta na páxina 57 desta memoria recóllense as queixas que se presentaron categorizadas por temas. Non obstante esta distribución é complexa dado que unha queixa podería estar agrupada en máis dun tema. Así pois o que se pretende é proporcionar unha visión xeral, máis que unha visión detallada para o que é imprescindible analizar as queixas de xeito particular.

Como se pode observar hai 6 temas que concentran máis da metade das queixas presentadas, en concreto o 60,29 %. Dentro destes, cómpre destacar 2 deles que representan o 26,47% do total. Son os relacionados con aspectos de avaliación e, por outro, os relacionados con procedementos de xestión académica, salientando cuestións relativas á matrícula. De xeito moi resumido os temas indicados son os que seguen:

1. **Avaliación.** Dende que son Valedor da Comunidade Universitaria desta Universidade, en todos os informes presentados aparece manifestada a importancia, dos temas relacionados con criterios de avaliación, reflectida na frecuencia das queixas e mesmo nas consultas que se fan (aínda que logo non se traduzan en queixas). Cuestións como, por exemplo: falla de concreción nas programacións docentes das materias, non aplicación de criterios de avaliación, cambio dos mesmos ao longo do curso, incumprimento de prazos...

Neste sentido, no período de modificación das guías docentes, dirixiuse unha recomendación aos Decanatos e Direccións dos Departamentos, para que como órganos directamente implicados adoptasen as medidas que estimasen oportunas para facer efectiva nas citadas guías a constancia concreta dos criterios de avaliación.

Os problemas de descoñecemento e/ou incumprimento da normativa son un tema recorrente, a pesar de que temos constancia de que por parte dos diferentes órganos de goberno se intentan solucionar estas cuestións. Pero é necesario seguir afondando na idea de que só se poderá combater a inobservancia da normativa si todos nos implicamos no seu cumprimento, e sobre todo na normalización do seu uso, conseguindo que todos os membros da comunidade universitaria se sintan protexidos na defensa dos seus dereitos.

2. **Procedementos de xestión académica.** Como se indicou, no curso 2014-2015, un número significativo de queixas refírense ao tema de procedementos de xestión académica, e proceso de matrícula. En xeral as queixas fan referencia a problemas derivados da aplicación informática, lentitude nos procedementos ou falla de coordinación entre diferentes servizos. Cómpre pois que a Universidade analice e aplique as correccións oportunas, para mellorar na medida do posible estes procedementos, evitando así as disfuncionalidades observadas.

3. **Doutoramento e Posgrao.** Este é outro tema no que se agrupan varias queixas. Malia a súa incidencia non se observa ningún aspecto concreto onde se poidan apreciar disfuncionalidades, dado que en xeral as queixas fan referencia a cuestións moi puntuais, que sen dúbida precisan corrírse, pero non poñen de manifesto situacións xeneralizables. Cómpre subliñar que algúns destes problemas unha vez detectados foron diligentemente solucionados.
4. **Bolsas e axudas.** De novo nos atopamos con que as queixas fan referencia a diferentes cuestións derivadas en moitos casos da situación económica, por exemplo, atrasos no pagamento. Nalgún caso resolveuse oportunamente o problema e noutros estase á espera de finalizar o trámite.
5. **Normativas e convocatorias.** Durante o curso 2014-2015 tivo lugar a extinción de moitos plans de estudo, circunstancia que levou á elaboración de varios textos normativos co obxecto de regular a transición entre os diferentes plans. Trátase neste caso de queixas relacionadas con estes aspectos reguladores, nas que o obxectivo xeral é minimizar os problemas derivados do cambio de plan. En liñas xerais o resultado das intervencións foi positivo para o alumnado.
6. **Outros.** Nesta categoría inclúense unha serie de queixas, que dificilmente encaixan nas outras categorías da táboa da páxina 57. Pódense citar entre elas: pago de dietas, certificación de servizos prestados, demora no pago a provedores ou cesión de espazos para espectáculos.

Como ven sendo habitual, mantivéronse relacións con outras institucións derivadas da existencia de queixas que, como se pode observar nas páxinas deste informe, ben polo seu ámbito de incidencia ou ben pola natureza dos axentes que poden corrír o problema, afectan tamén a outras Universidades e exceden a propia capacidade da USC para solucionalo.

Un foro no que participa a USC dende a súa constitución é a Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU), que permite a colaboración, prestación de axudas, elaboración de documentos..., en definitiva a coordinación dos defensores das Universidades do Estado para optimizar o traballo da Institución e prestar un mellor servizo.

Neste sentido, no mes de outubro do 2014 tivo lugar en Badaxoz o XVII Encontro Estatal de Defensores no que se analizaron 3 cuestións recorrentes entre as queixas presentadas diante das Defensorías das Universidades. Os temas tratados foron os seguintes: 1. “Asignaturas con resultados anómalos”. 2. “Copia, fraude intelectual, dereitos de autor e propiedade intelectual” e 3. “Procesos de anulación de matrícula e devolución de importes”. Ademais tamén celebrouse unha mesa redonda na que defensores de varias Universidades Iberoamericanas expuxeron a situación das defensorías no seu país.



Mantivéronse tamén diversas reunións na Rede de Defensores Universitarios Galegos (REDUGA), foro onde se analizan e discuten problemas que afectan máis especificamente ao conxunto do sistema universitario galego. Desde esta Rede promoveuse no curso 2013-2014 o establecemento de contactos e relacións periódicas cos Provedores das tres universidades do norte de Portugal, contactos que non tiveron continuidade no pasado curso 2014-2015 por causas alleas aos Valedores galegos.

Para rematar, sinalar que dado que certas queixas se presentan simultaneamente ante os Valedores Universitarios e ao Valedor do Pobo, ou porque as suxestións ou recomendacións que se farían teñen como destinatarios axencias alleas ás Universidades, mantivéronse diversas reunións coa institución autonómica en función do convenio de colaboración asinado no 2014, nas que dependendo da xeneralidade do tema participaron os tres Valedores ou o Valedor da USC.

4.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS



QUEIXAS POR SECTORES:

Nº. de queixas	68
Estudantes:	50
P.D.I.:	9
P.A.S:	5
De Oficio:	3
Outros:	1




ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS

MES	Curso 13/14	Curso 14/15
Setembro	11	19
Outubro	4	6
Novembro	11	4
Decembro	9	3
Xaneiro	3	6
Febreiro	10	4
Marzo	10	5
Abril	4	4
Maio	3	6
Xuño	2	10
Xullo	2	1
Agosto	0	0
Total curso	69	68



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas	68	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	45	⇒ 66%
2 Meses:	8	⇒ 12%
3 Meses:	8	⇒ 12%
> 3 Meses:	7	⇒ 10%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
BOLSAS E AXUDAS A MEMBROS DA COM. UNIV.	5
PLANOS DE ESTUDO E VALIDACIÓNS	2
AVALIACIÓN ACADÉMICA	9
DOCENCIA	3
MATRÍCULA E PROCEDEMENTOS XEST. ACAD.	9
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	6
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	4
PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL	3
ÁMBITO LABORAL	1
PRÁCTICAS	3
RELACIÓNS INTERPERSOAIS - ORGÁNICAS	2
USO DA LINGUA	1
NORMATIVAS - CONVOCATORIAS	5
ACREDITACIÓN B1 LINGUA ESTRANXEIRA	1
SIMULTANEIDADE – LÍMITE 75 CRÉDITOS	2
XÉNERO-ACOSO	2
TRABALLO FIN DE GRAO - PRÁCTICUM	1
DÉFICIT INFORMACIÓN	1
ACCESIBILIDADE DISCAPACITADOS	1
OUTROS PROCEDEMENTOS	7

